Porque nelas recaen na meirande parte dos casos as obrigas familiares que dan lugar ao que se denomina xornada interminable. Así mesmo, a visión negativa e falsa de que a maternidade supón unha baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o teito de cristal que impide na práctica que as traballadoras accedan a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e status profesional.

Desde o Grupo Socialista entendemos que a igualdade salarial resulta crucial nas políticas de igualdade, dado que o abarca todo nesta política: segregación de espazos, repartición do tempo, valor asignado ao traballo e identidade de xénero. E tamén porque a superación da fenda salarial entre homes e mulleres está directamente condicionada polas políticas económicas, produtivas, de emprego, educativas e sociais nas que estas se inscriben.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 10:52:43
Nº Rexistro: 45809
Data envio: 08/02/2019 10:52:43.579

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

A desigualdade salarial supón que as mulleres na nosa comunidade autónoma sexan vítimas dunha intolerable fenda salarial. Con datos de 2016, os últimos valores dispoñibles da Enquisa Anual de Estrutura Salarial publicada polo INE en data 29 de maio de 2018, o salario medio anual das traballadoras galegas é de un 23,05 % inferior ao dos homes. En Galicia a ganancia anual dos homes é de 23.774,21 € mentres que a das mulleres é de 18.294,47 €. Hai, polo tanto, unha diferenza de retribución de 5.479,74€ nas retribucións entre homes e mulleres. Aumentando esta fenda salarial con respecto a 2015 no que a diferencia se situaba en 5.096,50 € anuais, cobrando as mulleres un 21,98 % menos que os homes.

Desde o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferencias nas condicións de traballo e, en particular, na remuneración entre homes e mulleres.

Tendo en conta os obxectivos recollidos na actual lexislación vixente, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para combater a fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 10:39:20

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 10:39:30

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 10:39:43

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:27:11
Nº Rexistro: 45821
Data envio: 08/02/2019 13:27:11.616

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O día 6 de febreiro as 7:30 horas da mañá, a cuberta da lonxa de Canido (Vigo) desplomouse dúas horas antes de iniciar a súa actividade diaria. Os socialistas lamentamos a lentitude na resposta da Xunta de Galicia, e especialmente do seu presidente, ante este grave accidente, coa caída do tellado dun edificio de competencia autonómica.

Accidente que puido ter dramáticas consecuencias persoais se chega a acontecer un par de horas máis tarde. Consideramos especialmente grave que a Confraría de Pescadores de San Francisco de Vigo leve meses advertindo e alertando á Xunta de Galicia do mal estado da instalación e o Goberno de Feijóo non dera resposta algunha. Despois do sinistro, os bombeiros de Vigo tiveron que actuar na zona para retirar os cascotes e crear un perímetro pechado de seguridade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Existe algún protocolo de actuación por parte da Xunta de Galicia para avaliar a situación das infraestruturas portuarias e auxiliares da súa competencia?

2. De non existir, non consideran unha temeridade a falla do mesmo?

3. Coñecía a Xunta de Galicia as denuncias que a Confraría de Pescadores de San Francisco de Vigo levaba meses facendo para alertar á Administración autonómica do mal estado da instalación da Lonxa de Canido no concello de Vigo?

4. Tiña tomado algunha medida ao respecto?

5. De telas tomado, cales foron esas medidas?

6. Cando se decidiron?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

7. Quen o decidiu?

8. Por que nas primeiras 24 horas despois do accidente, o presidente de Portos de Galicia non se acercou a lonxa siniestrada?

9. Cal vai a ser o protocolo de información á Confraría de Pescadores e á cidadanía de Vigo?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2019 12:56:05

María Dolores Toja Suárez na data 08/02/2019 12:56:12

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 12:56:17

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:46
Nº Rexistro: 45832
Data envio: 08/02/2019 13:57:46.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Un dos retos de futuro para Galiza é combater a consolidación da pobreza, unha tarefa que non acaba de ser compatíbel coas decisións políticas aplicadas na última década polo Partido Popular na Xunta de Galiza e no Estado e coas promesas incumpridas respecto do marco laboral por parte do goberno de Pedro Sánchez.

Un dos obxectivos retóricos do Plan Estratéxico vixente é reducir en 100.000 persoas a poboación en risco de pobreza ou exclusión social. Porén, no último ano con datos dispoñíbeis observamos como a poboación en risco de pobreza ou exclusión social descendeu en 60.000 persoas mais a pesares do bo comportamento dos últimos anos, vemos como dende o 2011 só se reduciu en 48.480 persoas, polo que existen claras dúbidas sobre que se poida cumprir este obxectivo.

Por outra banda, o informe "Estado da pobreza 2018" en Galiza elaborado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia) revela que aínda

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:46
Nº Rexistro: 45832
Data envio: 08/02/2019 13:57:46.806

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que máis de 78.000 persoas sairon da situación de risco de pobreza no 2017, aínda quedan máis de 612.000 nesta situación. Así mesmo, bota luz sobre datos preocupantes como é a constatación da fenda de xénero en pobreza e exclusión social, amosando que as mulleres non se están a beneficiar dos tímidos avances das cifras sobre pobreza e exclusión. Tamén, de forma especial, a fraxilidade das persoas maiores de 65 anos marcada pola situación das pensións e do avellentamento no noso país.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza?

Considera viable o cumprimento dos obxectivos fixados no Plan Estratéxico vixente?

Que políticas económicas vai rectificar?

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das mulleres galegas?

Impulsou ou vai impulsar estudos para avaliar e medir a fenda de xénero en pobreza e exclusión social en Galiza?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:46
Nº Rexistro: 45832
Data envio: 08/02/2019 13:57:46.806

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das persoas de meirande idade? E en concreto, para as mulleres maiores?

Considera que o marco laboral é positivo ou negativo para o empobrecemento social?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 13:51:37

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:46
Nº Rexistro: 45832
Data envio: 08/02/2019 13:57:46.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 13:51:43

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 13:51:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 13:51:48

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 13:51:49

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 13:51:51

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:58
Nº Rexistro: 45833
Data envio: 08/02/2019 13:57:58.092

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

En outubro de 2017 a Xunta de Galicia presentou o Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia 2017-2021, no que se suprimían no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela catro graos, (Lingua e Literatura, Difusión Cultural, as dúas únicas titulacións da Facultade de Humanidades, Enxeñería Xeomática e Topografía e Xestión de Pemes), unha decisión baseada unicamente no número de matriculados.

Aínda que a reorganización das titulacións do SUG tiña que durar ata 2021 e que o proceso iniciado en 2017 non está rematado, recentemente transcendeu a información de que a Xunta de Galicia quere modificar de novo a relación de titulacións do Campus de Lugo con graves alteracións para a Facultade de Ciencias e a Escola Politécnica Superior, xa que pretende suprimir os graos de Enxeñería de Procesos Químicos Industriais e Enxeñaría Civil, mentres quere levar boa parte dos graos de Enxeñaría Forestal e Enxeñaría Agrícola aos Campus de Ourense e Pontevedra.

Esta é unha situación absolutamente paradoxal e inadmisible por canto a Xunta de Galicia propiciou e decidiu que había que desenvolver en Lugo un Campus especializado en estudios sobre a Terra, organizando o Campus Terra e agora pretende suprimir ou modificar as titulacións que son a súa base.

Por si isto non fora suficientemente ilóxico, a Xunta de Galicia suprimiu en 2017 e quere suprimir agora, graos que son considerados os mellores de España no seu ámbito polo U-Ranking (Indicadores Sintéticos del Sistema Universitario Español), que mide as actividades docentes, de investigación, de innovación e de desenvolvemento tecnolóxico entre as Universidades publicas e privadas de España, elaborado pola Fundación BBVA e o Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas.

Así, tanto no U- Ranking de 2017 como no do 2018, os graos de Difusión Cultural, Enxeñarías Forestal e de Procesos Químicos se recoñecen como as mellores no seu ámbito de España. A primeira xa foi suprimida, a Xunta quere suprimilas agora. Pero aínda mais, Enxeñería Civil e Xeomática e Topografía

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:57:58
Nº Rexistro: 45833
Data envio: 08/02/2019 13:57:58.092

foron recoñecidas como as segunda da súa especialidade entre todas as universidades, o mesmo que Lingua e Literatura e Enxeñería Agrícola. E todas foron o queren ser suprimidas pola Xunta de Galicia.

Así, dunha maneira inexplicable a Xunta quere eliminar as mellores titulacións de España dentro do seu ámbito alegando escasa matrícula. Para a Xunta de Galicia prima mais o número de alumnos que a excelencia.

Coas modificacións que se fixeron nas titulacións do Campus en 2017, e as que se queren facer agora, se desmantelará o Campus de Lugo, realidade que recoñecen e afirman todos os centros e persoal deste Campus que destaca pola súa excelencia e que é fundamental, tanto para aumentar a equidade en educación, como para impulsar a economía da provincia, baseada en grande parte no mundo rural.

Cambios continuos nas titulacións, noticias dende a Consellería de Educación de que se va a proceder a modificacións descoñecidas ata polos centros, o único que fan e crear incertezas entre o posible alumnado que non saben que pasará con ese grao no que queren matricularse, dándose unha menor matrícula e crea incertezas tamén nos centros e entre o seu persoal afectando a súa labor docente que teñen que dedicar miles de horas a intentar buscar unha titulación que acepte a Xunta de Galicia.

Por outra parte, os continuos cambios de denominación das titulacións con orientacións parecidas as anteriores, só reduce a posibilidade de ter alumnado. Cando é coñecida unha titulación e está medianamente consolidada a Xunta decide que hai que cambiar a súa denominación e volta a empezar. Algunhas titulacións so campus son exemplo de esta situación.

O campus de Lugo sufriu en grande medida a crise e os recortes, a pesar diso consigue ter un alto nivel en investigacións e docencia. E o momento de darlle seguridade e impulsar o seu potencial e non poñelo de forma continuada no brete de facer cambios que nin sequera a Xunta sabe adonde leva.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1-ª) Pensa a Xunta de Galicia modificar de novo a relación de titulacións de graos que se imparten no Campus de Lugo?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.ª) Que criterios está a empregar para modificar a relación de títulos de grao deste Campus?

3.ª) Non valora a Xunta de Galicia a excelencia que están a mostrar moitas das titulacións de graos do Campus de Lugo en estudos como U-Ranking?

4.ª) Como se pode xustificar a supresións de titulacións que demostran a súa excelencia?

5.ª) Non pensa que proceder a máis supresións de titulacións no Campus de Lugo vai danar de forma irremediable ao Campus Terra?

Pazo do Parlamento, 08 de febreiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2019 13:56:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2019 13:56:54

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45839
Data envio: 08/02/2019 14:09:37.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No ano 1990, ao abeiro do V Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe que fora realizado na Arxentina, o movemento feminista latinoamericano declarou o 28 de setembro Día pola Despenalización do Aborto. Esta data, nacida para denunciar e visibilizar os danos e mortes por mor dos abortos clandestinos, constituíu unha referencia para a loita pola despenalización de moitos países, inicialmente en Lationamérica e estendida a todo o mundo. Constitúe, xa que logo, unha data referencial na que en cada país o movemento feminista denuncia as carencias, de diferente tipo, que atopan para ver garantido o dereito ao aborto en condicións dignas.

Os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999) definen cales deben ser as condicións para a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación. Recentemente, diversos colectivos feministas como a Marcha Mundial das Mulleres denunciaban que no noso país incumpríanse estes protocolos e desprazábanse, ademais, moitas mulleres fóra do país para levar a cabo a interrupción terapéutica do embarazo.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45839
Data envio: 08/02/2019 14:09:37.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Pleno do Parlamento Galego aprobou o 23 de novembro de 2016, ao fío dunha Proposición do Bloque Nacionalista Galego, estabelecer medidas conducentes a fornecer ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. Así mesmo, propúñase traballar pola creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

A xuízo do BNG, a consecución destes obxectivos son fundamentais para acadar o obxectivo de garantir para todas as galegas un dereito fundamental como o aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación na que se producir o aborto, sen verse obrigadas a desprazamentos lonxe da súa contorna persoal, someténdoa a unhas condicións que impactan negativamente no procedemento.

Máis aínda, desde o feminismo galego existe unha importante preocupación diante das denuncias e testemuñas públicas de que o proceso para abortar por libre elección dentro dos supostos da lei non están a ser dereitos preservados na práctica.

Por outra banda, preocupa tamén o retroceso á deriva reaccionaria a respecto do dereito ao aborto que ten anunciado o Partido Popular de cara a modificacións na lei correspondente estatal, parecendo esquecer que a mobilización feminista foi quen de parar a súa contrarreforma.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45839
Data envio: 08/02/2019 14:09:37.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, diante do cambio de goberno no Estado cómpre impulsar o recoñecemento dos dereitos pendentes canto ao aborto para as menores.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Considera o goberno galego garantidos en condicións os dereitos de aborto dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública?

Garante, e en que condicións, o goberno galego a práctica dos abortos euxenésicos dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública?

Que protocolo segue actualmente o SERGAS nos casos de interrupción voluntaria do embarazo? Cal no caso dun aborto euxenésico? Como fiscaliza o seu cumprimento?

Cantos abortos euxenésicos se realizaron en Galiza no ámbito do SERGAS en 2018? Cantos foron derivados desde o SERGAS a centros privados? Cantos a centros de fóra do país? Por que motivos?

Cantos non euxenésicos?

Que medidas levou a cabo o goberno galego en materia de formación nos protocolos de atención na práctica de abortos? Cantas horas aglutinou esta formación? A cantas profesionais atinxiu?

Que actuación levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento dos acordos emanados do Parlamento galego no Pleno do 23 de novembro de 2016?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45839
Data envio: 08/02/2019 14:09:37.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como garante o goberno galego o dereito ao aborto no ámbito galego? Como fiscaliza o seu cumprimento?

Considera o goberno galego que debe modificarse a lexislación vixente? En que sentido? Comparte as afirmacións reaccionarias do señor Pablo Casado?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 14:07:11

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 14:07:15

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 14:07:16

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45839
Data envio: 08/02/2019 14:09:37.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 14:07:18

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 14:07:19

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 14:07:20

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 17:51:56
Nº Rexistro: 45844
Data envio: 08/02/2019 17:51:56.249

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Xunta de Galicia, a través da súa Xefatura Territorial de Sanidade en A Coruña, leva meses poñendo en marcha o chamado proxecto "cidades saudables". Enmarcada dentro deste proxecto o vindeiro xoves, 14 de febreiro, organiza unha mesa redonda na cidade que terá, entre os participantes, ao alcalde de Ourense, Jesús Vázquez (Partido Popular) e, curiosamente, á candidata á Alcaldía de A Coruña polo Partido Popular e actual deputada autonómica por ese partido, Beatriz Mato. Ademais, este acto estará moderado por Rocío Mosquera, exconselleira de Sanidade e tamén militante do Partido Popular.

Ademais da notoria presencia de cargos do Partido Popular, chama a atención que o caso de Beatriz Mato parece xustificarse pola súa formación académica e apélase tamén na presentación do acto á súa "experiencia en política ambiental e social", pero non mencionando que esa experiencia foi a través das súas responsabilidades como conselleira e, por suposto, non se menciona a súa condición de candidata do PP á alcaldía de A Coruña. Tampouco no caso de Rocío Mosquera se menciona o feito de ter sido conselleira de Sanidade e compañeira de Beatriz Mato no Consello da Xunta.

A todas luces este acto parece deseñado pola Xunta de Galicia para a promoción da súa candidata na cidade de A Coruña, utilizando unha plataforma institucional e pretendendo agochar a súa condición nun período pre-electoral tan marcado. Esta utilización tendenciosa das institucións semella seguir a liña marcada pola pretendida declaración institucional do Vicepresidente do Goberno galego despois do Consello da Xunta de onte xoves. A situación xerada resulta estraña e en ningún caso aceptable nunha Democracia.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguintes preguntas:

1.ª) Considera democrático o Goberno da Xunta de Galicia utilizar actividades de carácter institucional para a promoción de candidaturas electorais dun determinado partido a unhas eleccións inminentes?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2.ª) Cales foron os criterios da Consellería de Sanidade para definir a numerosa participación de referentes do Partido Popular nun acto institucional?

3.ª) Que criterios foron os utilizados para decidir a participación no acto da candidata á Alcaldía de A Coruña Beatriz Mato?

4.ª) Que criterios foron os utilizados para decidir a participación no acto da exconselleira Rocío Mosquera?

5.ª) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que este acto ten algún marcado carácter tendencioso dende o punto de vista político-partidista?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 17:49:09

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 17:49:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2019 17:49:24

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:36:45
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 11/02/2019 10:36:45.450

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A empresa Vodafone conta con dous centros de traballo en Galicia, un sito na Coruña e outro en Vigo.

Desde o ano 2012 a empresa aplicou varios expedientes de regulación de emprego:

- Ano 2012: ERE de 15 días, co fin segundo a empresa, de evitar un ERE.

- Ano 2013: ERE que finaliza co despido de 960 traballadores a nivel estatal e con 27 postos de traballo na Coruña e 28 en Vigo.

- Ano 2015: ERE que implicou o despido de 1.056 traballadores a nivel estatal, afectando a 9 traballadores da Coruña e 28 de Vigo.

- Ano 2019: O pasado 24 de xaneiro a empresa anunciou un novo ERE, que afecta, en principio, a 1.198 traballadores a nivel estatal, sendo 8 deles do centro de traballo da Coruña e 32 do centro de Vigo.

En 2012 o centro de traballo de Vodafone en Vigo contaba con 224 traballadores, quedando a día de hoxe 126, e de darse o ERE coas condicións anunciadas, quedarían só 94 traballadores. En 2012 no centro da Coruña había 85 operarios, a día de hoxe 55, e co ERE de 2019 quedarían en 47. Perdéndose por tanto, desde o 2012 máis dun 54 % dos postos de traballo de Vodafone en Galicia, afectando este novo ERE a un 23 % do cadro de persoal que a empresa ten en Galicia.
Segundo os sindicatos o número de despedimentos é desproporcionado e inxustificado co único interese de aumentar beneficios de forma inmoral e pouco ética.

A Xunta de Galicia prorrogou en xullo de 2018 o contrato do servizo de telecomunicacións ata febreiro de 2021, sendo a adxudicataria do servizo de telefonía móbil a operadora Vodafone.

A empresa Vodafone, xunto con Orange e Telefónica, asinaron o pasado 6 de novembro de 2018, un convenio de colaboración con Amtega e a operadora

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:36:45
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 11/02/2019 10:36:45.450

pública Retegal, no que se plasmaba o compromiso das tres operadoras de telecomunicacións de desenvolver un mínimo de 6 prototipos baseados na tecnoloxía 5G entre 2019 e 2020. A posta en marcha deste proxecto é a primeira das medidas do Plan Galicia 5G para situar Galicia como territorio preferente na pilotaxe de solucións innovadoras nesta materia, segundo a propia Xunta de Galicia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten valorado o Goberno galego o impacto que este novo ERE de Vodafone pode ter nos contratos que a Xunta de Galicia ten asinados coa empresa Plan Galicia 5G e contrato de telefonía móbil, así como as posibles medidas a adoptar como cliente da dita compañía?

2ª) Ten realizado o Goberno galego algunha actuación ante o anuncio dun novo de ERE de Vodafone, que pode afectar a 41 traballadores dos centros de Vigo e A Coruña?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/02/2019 10:31:53

Noela Blanco Rodríguez na data 11/02/2019 10:32:05

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 10:32:13

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:51:51
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 11/02/2019 10:51:51.274

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

A empresa Vodafone España acaba de presentar un expediente de regulación de emprego co que pretende o despido colectivo de 1.198 persoas nos que están incluídos 41 persoas que traballan en Galicia. Este é o terceiro expediente de extinción nos últimos seis anos.

En 2013 Vodafone despediu a 960 persoas, entre elas 27 na Coruña e 28 en Vigo. En 2015 os despedidos no conxunto do estado foron 1.056 persoas das cales 9 foron na Coruña e 28 en Vigo. O expediente actual pretende despedir a 1.198 traballadores e traballadoras nas que están 9 de A Coruña e 32 en Vigo.

De levarse a cabo o ERE actual serían 3.214 as persoas despedidas a través de despedimentos colectivos das que 133 se corresponden cos centros de Vigo e A Coruña.

Está practica laboral de Vodafone España é inaceptable porque é unha empresa con enormes beneficios e sen problemas de carga de traballo. No último ano con contas pechadas gañou 181 millóns de euros pero sobre todo obtivo un EBITDA de 1.420 millóns de euros, unha cifra enorme que sitúa a ratio de rendibilidade no 28,5% da cifra de facturación..

As razóns da empresa para despedir non poden ser económicas, porque a empresa obtén elevados beneficios, nin de carga de traballo, porque non deixa de aumentar ano tras ano, tanto na cifra de clientes como de facturación.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:51:51
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 11/02/2019 10:51:51.274

A razón real é a reestruturación da plantilla que practica Vodafone, un proceso continuo no que se despide as persoas de maior idade e antigüidade da empresa para substituílas por persoas novas.

Os datos demóstrano. En primeiro lugar, a dia de hoxe existe na empresa un elevado número de horas extraordinarias, ademais de subcontratas externas crecentes. En segundo —aínda que poda resultar sorprendente— é que despois dos despedimentos colectivos realizados estes anos a empresa contratou novas persoas de forma que a plantilla apenas ten variado, sempre na contorna das 5.000 persoas.

O axuste laboral é, polo tanto, a substitución de traballadores e traballadoras con antigüidade e máis idade por persoas novas, que teñen outros perfiles e menos salarios.

Poren, en Galicia, os efectos negativos da decisión de Vodafone no son só para a plantilla senón tamén para os intereses do país. A razón é que a reestruturación permanente dende 2013, que ten un novo paso no ERE actual, esta sendo utilizada para centralizar o emprego en Madrid a costa das delegacións territoriais, entre elas a de Vigo e a da Coruña.

En 2012 traballaban en Galicia 309 persoas de Vodafone España. Agora son 181 e se vai adiante o ERE o cadro de persoal será de tan só 141 persoas. Nestes anos perderanse 168 postos de traballo, máis da metade dos que había en 2013.

Este durísimo recorte no cadro de persoal de Vodafone en Galicia é inaceptable, porque no conxunto do Estado mantense máis o menos estabilizado pero aquí retrocede o 55%, o que demostra o proceso de centralización con efectos demoledores para os centros territoriais, entre eles A Coruña e Vigo.

Unha perda de emprego que non podemos aceptar, porque é emprego de calidade, de elevada formación, con salarios dignos en condicións de traballo e contractuais por riba da media. É emprego cualificado, a maioría con titulación

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:51:51
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 11/02/2019 10:51:51.274

universitaria nun pais como o noso que xa ofrece escasa oportunidades de emprego as persoas que saen das facultades de telecomunicación e que se ven obrigadas a marchar fóra para poder traballar.

Por iso é difícil entender o silencio cómplice da Xunta de Galicia neste proceso continuado de desmantelamento das delegacións de Vigo e A Coruña de Vodafone, da redución de persoal ata levalas ao mínimo operativo.

Non se pode entender a inacción ante un gravísimo problema en termos laborais polos despedimentos senón tamén de perda de oportunidades para as persoas que se gradúan nas facultades, na calidade do servizo de telefonía móbil para o conxunto do país pero, sobre todo, porque a Xunta é o principal cliente de Vodafone en Galicia.

Vodafone España é o operador que ten adxudicado o contrato público para xestionar a telefonía móbil da Comunidade Autónoma, un contrato moi importante en termos económicos que fai apenas uns meses foi prorrogado un ano máis.

Vodafone España e AMTEGA prorrogaron en xullo de 2018 o contrato formalizado en 2015 estendendo a súa duración ata 2021, con novos compromisos por ambas partes, nos que Vodafone como operadora adxudicataria do servizo se compromete a mellorar a calidade das súas prestacións.

Pero hai máis, porque en novembro de 2018 AMTEGA firmou con Vodafone España —e outros dous operadores— un acordo para despregar a tecnoloxía 5G en Galicia, con compromisos concretos e financiamento público.

Estamos, polo tanto, ante un problema laboral que afecta directamente a 41 persoas, un problema de emprego para os graduados nas enxeñarías tecnolóxicas, para a calidade do servizo de telefonía móbil en Galicia, para a rede corporativa de telefonía móbil en Galicia e para o desenvolvemento do plan de impulso da

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:51:51
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 11/02/2019 10:51:51.274

tecnoloxía 5G en Galicia. A Xunta de Galicia, a AMTEGA, a Consellería de Economía, Industria e Emprego non pode ser cómplices co seu silencio.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para evitar o despido colectivo de 41 persoas nos centros de Vodafone en Vigo e A Coruña que da continuidade ao proceso de descapitalización laboral de Vodafone en Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/02/2019 10:39:11

Francisco Casal Vidal na data 11/02/2019 10:39:23

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 10:51:51
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 11/02/2019 10:51:51.274

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 11/02/2019 10:39:35

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 11:42:02
Nº Rexistro: 45915
Data envio: 11/02/2019 11:42:02.635

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao acondicionamento da cuberta do IES Primeiro de Marzo de Baiona.

Este pasado venres 1 de febreiro partes da cuberta do IES Primeiro de Marzo desprendéronse e remataron polo chan do centro. A sorte foi que isto aconteceu pasadas as 13 horas e as alumnas e alumnos estaban nese intre nas aulas, o que evitou lamentar danos persoais. Mais tiveron que ser evacuados e escoltados por efectivos da Policía Local de Baiona, a Garda Civil e o GES Val Miñor para evitar incidentes por risco de máis desprendementos.

O luns 4 de febreiro uns operarios están a realizar obras de reacondicionamento da cuberta. Ou sexa, substituír as chapas danadas ou as que se desprenderon por unhas en bo estado. Unhas obras que teñen limitado o acceso da comunidade escolar a unha parte do centro e que serían lóxicas e adecuadas se a cuberta do centro estivese en bo estado até antes dos citados acontecementos.

Pero este non é caso. A Dirección do IES Primeiro de Marzo notificou dende fai máis de un ano á Consellería de Educación da Xunta de Galiza o deficiente estado da cuberta do centro e o risco que isto supuña para a seguridade da comunidade educativa

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 11:42:02
Nº Rexistro: 45915
Data envio: 11/02/2019 11:42:02.635

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do centro. Xa que logo, urxe a reparación completa da cuberta do centro, non o arranxo dunhas chapas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Coñecía a Xunta de Galiza a situación da cuberta do IES Primeiro de marzo de Baiona?

2. Que fixo a consellaría de Educación ante os escritos da dirección do centro comunicando as deficiencias do tellado?

3. Que medidas prevé adoptar a consellaría para resolver as deficiencias da cuberta do IES Primeiro de marzo de Baiona e garantir a seguridade da comunidade educativa?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 11:42:02
Nº Rexistro: 45915
Data envio: 11/02/2019 11:42:02.635

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/02/2019 11:31:38

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2019 11:31:43

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 11:31:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/02/2019 11:31:47

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2019 11:31:49

Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2019 11:31:50

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45940
Data envio: 11/02/2019 14:12:37.278

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na semana do 4 ao 10 de febreiro a Xunta de Galiza organizou unha viaxe institucional a EEUU que se viu modificada pola convocatoria da dereita española dunha mobilización en Madrid.

Coa finalidade de valorar este feito formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal foi o obxectivo desta viaxe?

-Considera a Xunta que é serio e responsábel alterar o contido das obrigas institucionais do Presidente da Xunta por un acto do seu partido coa extrema dereita?

-Asumiu a Xunta de Galiza o custe económico provocado pola alteración da axenda do Presidente?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45940
Data envio: 11/02/2019 14:12:37.278

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actos se modificaron da axenda oficial do Presidente?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 14:09:19

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2019 14:09:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/02/2019 14:09:26

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2019 14:09:27

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45940
Data envio: 11/02/2019 14:12:37.278

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2019 14:09:28

Xosé Luis Bará Torres na data 11/02/2019 14:09:30

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45944
Data envio: 11/02/2019 16:20:12.117

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Nestes días de temporais teñen ocorrido moitos desastres naturais; ultimamente, un dos máis habituais é o varamento de cetáceos nas praias galegas. Sen ir máis lonxe, só no Concello de O Grove (Pontevedra) foron localizadas, o sábado 2 de febreiro, 5 baleas nos areais de A Lanzada, Mexilloeira e As Pipas. Algúns destes exemplares constitúen durante un tempo un importante reclamo turístico para pobos e vilas mariñeiros (como o da praia de Balarés, en Ponteceso), mais o problema radica en que os animais deben ser retirados polos servizos municipais e a retirada de cada un deles costa de media uns 14.000 euros, cantidade nada desdeñable para localidades pequenas, pois non reciben ningún financiamento especial para facer fronte a eses traballos de retirada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia tomar medidas preventivas fronte aos desastres naturais derivados dos temporais de inverno?
2. Dispón o Goberno de estudos oficiais sobre o incremento de varamentos de cetáceos mariños nas nosas costas?
3. É coñecedor o Goberno dos custes que supón a retirada destes cetáceos polos servizos municipais?
4. Ten previsto o Goberno abrir unha liña de financiamento específica para os Concellos de costa afectados por este motivo?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/02/2019 16:19:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/02/2019 16:19:11

María Luisa Pierres López na data 11/02/2019 16:19:17

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45950
Data envio: 11/02/2019 16:27:08.498

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e **Noela Blanco Rodrígue**z, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, aprobada polo goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, constituíu un avance nos dereitos das mulleres sobre a súa saúde sexual e reprodutiva. Esta lei superou á lexislación anterior (Lei orgánica 9/1985) e abriu a posibilidade ás mulleres de decidir de maneira máis completa e libre sobre a súa propia maternidade.

Esta lei ten sido considerada un gran avance de dereitos por numerosos organismos políticos internacionais, e conta cun amplísimo respaldo científico e profesional. De maneira especial ten sido amosado dende entón un apoio contundente e masivo por parte das mulleres, que viron un desenvolvemento legal dunha situación que necesitaba unha regulación ao nivel da súa importancia.

Dende entón vénse producindo, de maneira sistemática e periódica, un rexeitamento a esta lexislación e unha chamada á limitación de dereitos por parte das posicións e organizacións máis restritivas e reaccionarias no que corresponde aos dereitos civís, especialmente aos dereitos das mulleres. Recentemente estas posicións ideolóxicas, minoritarias na sociedade, tiveron un reforzamento dende organizacións ideoloxicamente situadas na extrema dereita, apoiadas en organizacións residuais en número. Contra o que sería o resultado natural desta situación que limitaría esas valoracións a meras expresións políticas de organizacións con limitada capacidade de influencia, percíbese un incremento do apoio ao rexeitamento á citada lei por parte de líderes de partidos de elevada representación institucional no conxunto de España e nas distintas autonomías, como é o caso do Partido Popular a través do seu principal referente Pablo Casado.

No caso de Galicia, a aplicación da Lei 2/2010 debera recibir un pulo de reforzo e non de minoración, pois existen datos que evidencian que non chega ao 10 % o número de mulleres que poden acollerse na rede sanitaria pública galega a este dereito, existindo unha derivación a centros concertados. Existiron casos nos últimos tempos de mulleres que, tendo solicitado o seu dereito recollido na lei,

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

foron derivadas a clínicas doutras comunidades autónomas, como o caso de Madrid, demorando a atención no tempo, o que causa maior risco para a muller e un período excesivo. Algún caso resultou en consecuencias fatais, e o Sergas xa foi condenado por mala atención a unha muller embarazada, por esta demora nun caso que obrigou a unha muller a acudir polos seus propios medios a Madrid e que terminou por perder o útero e a súa posterior capacidade reprodutiva.

En diversas ocasións, o Grupo Parlamentario Socialista ten formulado no Parlamento de Galicia a necesidade dun plan integral de atención sanitaria ás mulleres, dadas as especificidades que se deben consideran, e a Xunta de Galicia terminou por anunciar un plan nesta liña a partires do caso antes citado da condena ao Sergas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Apoia á Xunta de Galicia de maneira inequívoca a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo?

2. Por que a Xunta de Galicia non pode garantir hoxe que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible?

3. Considera a Xunta de Galicia que están ben dotados en termos materiais e humanos os centros de atención primaria tanto urbanos como rurais en Galicia no que corresponde a atención sanitaria á muller?

4. Ten a Xunta de Galicia elaborado un Plan integral de atención sanitaria á muller?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 16:24:00

María Luisa Pierres López na data 11/02/2019 16:24:06

Noela Blanco Rodríguez na data 11/02/2019 16:24:11

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:02:04
Nº Rexistro: 45974
Data envio: 11/02/2019 17:02:04.913

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e **Paula Quinteiro Araujo,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª,** sobre o incumprimento de contrato da empresa Babcock na extinción de incendios asinado coa Xunta de Galicia.

Babcock, antiga Inaer, empresa líder en salvamento e operacións contra incendios da Xunta, dedicada en exclusiva aos servizos de emerxencias en Galicia a través da contratación permanente de helicópteros, é a concesionaria cabeceira dos últimos anos no territorio galego.

En febreiro de 2018, a CIG denunciara o incumprimento reiterado por parte da empresa Babcock das prescricións técnicas do servizo, polo que solicitara á Consellería de Medio Rural a cancelación do concerto con Inaer Galicia, actualmente Babcock.

Pedira tamén explicacións a Medio Rural sobre o motivo polo que o helicóptero modelo B3 con matrículo EC-KZL, pertencente á empresa Babcock, estaba aparcado na base pública de Queimadelos, situada no concello de Mondariz (Pontevedra), cando xa rematara a tarefa para a que fora contratado.

Trala vaga de lumes que arrasou Galicia en outubro de 2017, En Marea denunciou en numerosas ocasións o desmantelamento continuo do servizo de loita contra incendios en Galicia. Como exemplo, narrábase a existencia dun helicóptero modelo Puma, na base de Toén (Ourense), que por contrato debía ter capacidade para transportar 2500 litros de auga e sen embargo so levaba 1700 litros.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:02:04
Nº Rexistro: 45974
Data envio: 11/02/2019 17:02:04.913

Tamén se denunciara que os servizos de mantemento integral se estaban realizando no mesmo emprazamento no que se atopaba o helicóptero cando tiñan a obriga de realizalos nun hangar equipado.

Babcock xa estivo tamén no punto de mira do Consello de Contas por presuntas irregularidades. Foi condenada o pasado mes de marzo pola Audiencia Nacional por simular préstamos para eludir impostos e sancións por máis de seis millóns de euros, que lle conlevaron unha sanción doutros tres millóns. Na sentenza reflíctese que Inaer Aviation Spain S.L. simulou préstamos participativos que concederon os seus sociais para financiar a adquisición de participacións da propia empresa.

Agora, a concesionaria de helicópteros da Xunta leva un novo pao xudicial, ao desestimar o Tribunal Supremo o recurso de casación, polo que Babcock deberá pagar máis de nove millóns de euros.

En Primeira instancia, o fallo xudicial condenou á empresa por infracción na declaración do imposto de sociedades correspondentes aos anos 2007 e 2008 cunha contía de 6.059.636, 41 euros, derivada da débeda correspondente á liquidación dos exercicios anteriores, ademais de 3.220.763, 25 euros de sanción, xunto coas costas xudiciais. Babckok recurría, pero a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, rexeitaba nun auto a admisión a trámite do recurso de casación presentado pola empresa.

Os feitos en cuestión remítense ao ano 2011, tras unha inspección de Tributos del Estado á empresa Inaer Aviation Group SL (actual Babcock), na que se demostrou como probado, entre outros aspectos, que durante o proceso da unión temporal de empresas (UTE), consideráronse, nesa sociedade, como gasto fiscalmente non deducible, os intereses procedentes de tres préstamos participativos nos que figuraba como prestataria dita entidade. Tamén se conceptuaban como simulados os préstamos participativos concedidos polos

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:02:04
Nº Rexistro: 45974
Data envio: 11/02/2019 17:02:04.913

socios de Inaer Aviation Group SL ao obxecto de financiar a adquisición das participacións de Inaer Aviation Spain SL.

O Tribunal Supremo ven de despachar os argumentos da compañía ao non admitir a trámite o recurso, xulgando que carece de interese casacional e engadindo que a normativa vixente non deixa dúbidas de que "haberá de quedar excluída do grupo fiscal aquela entidade que ao peche do período impositivo se atope en situación de desequilibrio patrimonial, salvo que dita situación desaparecese o último día do período impositivo no que se aproben as contas anuais".

Como xa ten denunciado En Marea en diversas ocasións, por parte da Xunta, estanse pagando favores a empresas privadas como Babcock, a pesar da reincidencia nos incumprimentos técnicos.

Dende a Xunta debería explicarse claramente cales son os motivos para seguir mantendo o contrato con esta empresa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª

1. Ten coñecemento a Xunta de que helicópteros (especificando modelo e matrícula) traballaron en cada unha das bases do SPDCIF no ano 2018 e para que capacidade de auga estaban contratados?.

2. Ten constancia a Xunta do incumprimento do contrato por parte de Babcock no referente á capacidade de auga dos helibaldes, nomeadamente nos modelos Bell 412?.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:02:04
Nº Rexistro: 45974
Data envio: 11/02/2019 17:02:04.913

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Por que contrata a Xunta cunha empresa que non cumpre coas súas obrigas tributarias, o que repercute, en última instancia, na calidade de vida da cidadanía en xeral e da galega en particular?.

4. Motivará xustificadamente a Xunta o mantemento do contrato con Babcock, a pesares dos reiterados incumprimentos, constatados nas sentenzas da Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo?.

5. Manterá a Xunta contratos coa empresa, a pesares dos reiterados incumprimentos constatados?.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Paula Quinteiro Araujo
Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/02/2019 16:59:49

Antón Sánchez García na data 11/02/2019 16:59:57

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:02:04
Nº Rexistro: 45974
Data envio: 11/02/2019 17:02:04.913

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 11/02/2019 17:00:06

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:20:46
Nº Rexistro: 45982
Data envio: 11/02/2019 17:20:46.113

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.**

O Presidente da Xunta de Galicia realizou unha viaxe institucional, prevista inicialmente desde o día 4 ata o día 9 de febreiro, aos Estados Unidos de América. Estas datas orixinalmente son as que recolleron os medios de comunicación e tal e como se recolle, a substitución polo Vicepresidente da Xunta, no Diario Oficial de Galicia nº 25, mediante o Decreto 6/2019, do 4 de febreiro, polo que se encarga o despacho de asuntos da Presidencia, durante a ausencia do seu titular, ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Nela, recóllese o día de ida máis non o de volta.

Esta viaxe, inicialmente prevista entre os días 4 e 9 de febreiro, adiantouse tal e como declarou o Presidente da Xunta para a asistencia a un acto de partido na vila de Madrid o día 9 de febreiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.-En canto estaba orzamentada a viaxe do Presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América?

2.- Que actividades estaban inicialmente previstas? A canto ascendían os gastos correspondentes a cada unha desas actividades e/ou actos?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:20:46
Nº Rexistro: 45982
Data envio: 11/02/2019 17:20:46.113

3.- Entre que datas estaba inicialmente prevista a viaxe?

4. Canto custou o adianto da viaxe de regreso?

5. Tiveron que suprimirse actos previstos por mor do avance na viaxe? A canto ascenderon os actos suprimidos, de supor algún custo a súa cancelación?

6.- Quen pagou o adianto da viaxe do Presidente da Xunta de Galicia?

7.- Considera a Xunta axeitado adiantar actos inicialmente programados como a sinatura dun convenio sobre o Camiño de Santiago e unha inauguración dunha exposición sobre a emigración galega no Instituto Cervantes, máxime cando se trataba dunha viaxe enmarcada na promoción do Xacobeo 2021?

8.- Considera a Xunta que cumpriu os seus obxectivos con esta viaxe de promoción do Xacobeo 2021, e nos que estaban entre outros enlazar unha viaxe directa de avión entre Miami e Santiago, a promoción do sector "Contract" e o do sector turístico a través dos cruceiros con escala nos portos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:20:46
Nº Rexistro: 45982
Data envio: 11/02/2019 17:20:46.113

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 17:17:47

Carmen Santos Queiruga na data 11/02/2019 17:17:51

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

Na última década, a Unión Europea impuxo a aplicación de políticas de "austeridade" que tanto o goberno do Estado como a Xunta de Núñez Feijóo aplicaron con entrega e entusiasmo, levando a efecto recortes nos servizos públicos, privatizacións, reforma do sistema de pensións e dúas reformas laborais que facilitan os despedimentos, a perda salarial e a precariedade das condicións de traballo.

En 2016 acadáronse os niveis de produción previos á crise, dende 2014 medra a economía, pero non se recuperaron as condicións de traballo e os salarios. Segundo o informe: "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias":

- O emprego asalariado no conxunto do Estado español é un 0,6% inferior ao ano 2009; en Galiza, un 6,2% inferior, o que significa 67.533 persoas asalariadas menos.

- Os salarios, tendo en conta a inflación, sufriron unha perda de poder adquisitivo real do 10,9% na media do estado e do 10% en Galiza. Galiza, sendo a cuarta comunidade con una maior inflación, é a terceira cos salarios máis baixos.

- Os datos da Axencia Tributaria revelan que a destrución de emprego afectou principalmente aos postos con maiores ingresos e que só se está a crear emprego precario con salarios inferiores a 1,5 veces o SMI, situándose o maior medre do persoal asalariado no de ingresos inferiores a 0,5 veces o SMI. No ano 2017

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

foron 182.120 as persoas traballadoras nesta situación, cuns ingresos brutos anuais máximos de 2.020 euros. A partir de ingresos superiores a 1,5 veces o SMI, o número de asalariados sitúase sempre por debaixo do ano 2009.

- A taxa de temporalidade en Galiza medrou dende o 21,4% en 2014 ao 26,7% en 2018. É dicir: 222.000 persoas asalariadas galegas teñen un contrato eventual.

- Segundo o IGE, en 2018 asináronse 1.069.672 novos contratos laborais, o 5,4% indefinidos e o 94,6% temporais. Entre estes últimos, os contratos cunha duración máxima dunha semana supuxeron en 2018 máis de 375.000, cun incremento do 9,4% e representan xa o 35% dos novos contratos e o dobre que en 2013.

- O 57% das persoas contratadas por menos de 40 horas semanais en Galiza procuran un traballo a xornada completa pero non o conseguen.

O Foro Económico de Galicia ve preocupante a continua caída da poboación activa, especialmente grave na franxa de 25 a 34 anos, a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media do estado, o incremento da temporalidade e a alta taxa de contratación a tempo parcial involuntaria.

A precariedade e a falta de dinamismo do mercado laboral favorece a emigración da mocidade, a baixa taxa de natalidade e a perda de poboación activa.

En Galiza, as condicións laborais impiden que a mocidade galega desenvolva o seu proxecto de vida no seu País. Segundo o Consejo de la Juventud “a situación laboral que presenta Galiza para as persoas mozas non invita ao optimismo, na medida que conta con menor nivel de actividade e ocupación que o conxunto de España".

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

En 2017 Galiza tiña uns 60.500 fogares (un 40% menos que en 2007) formados por persoas por debaixo dos 35 anos, e case o 30% no superaban os 1.000 euros ao mes.

Segundo o IGE, seis de cada dez mozas e mozos galegos de entre 18 e 34 anos viven cos seus proxenitores porque carecen de recursos para emanciparse. O mesmo ocorre cos 43,6% dos galegos e galegas menores de 35 anos. Só o 14,7% percibiu algún tipo de ingresos, incluídas prestacións e salario.

De entre a mocidade que vive cos seus proxenitores, o 43,6% carece de ingresos; o 9,8% ingresa menos de 200 euros mensuais; o 15% gaña entre 200 e 600 euros; o 15% non chega aos 1.000 euros; e só o 16% gañou máis de 1.000 euros.

Pero, hoxe, en Galiza, traballar non significa poder emanciparse. Segundo o informe da Axencia Tributaria citado:

- O emprego asalariado baixou en máis dun 30% entre os 18 e os 35 anos.

- Os salarios baixaron un 21.4% entre os traballadores/as entre os 18 e 25 anos; entre 25 e 35 anos o descenso foi do 7,3%.

- Ata os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

- Ata os 36 anos os traballadores e traballadoras non acadan o salario medio anual galego.

- Só un de cada dez mozos e mozas conseguiu traballar todo o ano. Antes da crise, representaban o 32,3% do total, en 2018 tan só o 11,8%.

O Consejo de la Juventud denuncia que en Galiza “o aumento da ocupación caracterízase pola parcialidade e a temporalidade maiores ás do conxunto do estado, sendo igualmente superiores a subocupación e a sobrecualificación".

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

O Foro Económico de Galicia alerta sobre a "gravidade" da perda de traballadores/as mozas e reclama "medidas específicas para reverter esta situación". Destaca que esta situación do mercado laboral galego se produce "dende o comezo da recuperación económica" e que na actualidade "avanza a un ritmo que dobra o do conxunto do Estado".

Como se acaba de expoñer, os principais indicadores da precariedade laboral afectan maioritariamente ás persoas menores de 30 anos: maior perda de salario dende a crise, máis traballo temporal, normalización das xornadas parciais e maior rotación nos postos de traballo.

Esta precariedade no emprego é froito de décadas de políticas antiobreiras. Entre estas, cabe destacar a Reforma Laboral que en 1994 o goberno socialista aprobou para legalizar as ETTs, prohibidas ata ese intre polo Estatuto dos Traballadores/as, pois supuñan o "tráfico de man de obra".

A temporalidade e a falta de dereitos caracterizan ás ETT. As ETTs contribuíron á precarización do traballo, sobre todo entre a mocidade, con altos índices de rotación, contratacións temporais e baixos salarios.

Durante o primeiro ano de existencia realizaron máis de 300.000 contratos. Catro anos despois achegábanse ao millón de contratacións. En 2008 máis de 2,5 millóns de contratos anuais. Coa reforma laboral do PP en 2012, as ETTs pasaron a ser axencias privadas de colocación con ánimo de lucro e os seus beneficios non paran de medrar chegando a realizar máis de 2,7 millóns de contratos.

E por si as ETTs non precarizaran o suficiente o mundo do traballo, proliferan as Empresas Multiservizos (EMS). O 90% das empresas cunha facturación superior aos 12 millóns de euros teñen externalizados servizos complementarios: seguridade, limpeza, mantemento, control de pragas, cátering, loxística, transporte, sistemas de información, financeiro, márketing, etc.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

Non existe un convenio colectivo de ámbito estatal ou autonómico das empresas multiservizos, aplicando aos traballadores/as o Convenio da Empresa Multiservizos que se trate. É dicir, ao contrario do que ocorre coas ETTs onde os traballadores deben percibir o mesmo salario que a empresa contratista, nas EMS perciben o salario do convenio colectivo da EMS, que son convenios de mínimos con salarios moi baixos. Isto é posible grazas á reforma laboral de 2012 que outorgou aos convenios de empresa prevalencia sobre os convenios sectoriais de ámbito superior.

Ademais, na maioría dos casos estase a producir unha cesión ilegal de traballadores/as externalizando os servizos tras despedir aos propios traballadores que realizaban ata ese intre dito servizo.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Por que en Galiza a perda de emprego asalariado é do 6,2% dende o ano 2009 ata 2017, mentres a media do Estado é do 0,6%? Que medidas implantou a Xunta para reverter esta situación?

2. Por que en Galiza 1/3 da clase traballadora percibe ingresos inferiores ao SMI? Considera a Xunta que a precariedade laboral instaurada en Galiza está relacionada co abuso da contratación a través de empresas multiservizo, centros especiais de emprego, o incremento de falsos autónomos e ETTs?

3. Instará a Xunta ao goberno do estado para que se limite por lei o uso das EMS e ETTs?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

4. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a tempo parcial, que xa supoñen un 15% do total, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

5. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a temporais, que supoñen o 95% da totalidade dos novos contratos, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

6. Por que Galiza ten os terceiros salarios máis baixos do Estado? Que iniciativas políticas aplicou, está a aplicar ou aplicará no futuro para conseguir a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal?

7. Considera que a emigración da mocidade está relacionada coa precariedade laboral e a falta de oportunidades profesionais que se lle ofrecen en Galiza? Considera esta situación compatible coa recuperación demográfica?

8. En que ano considera que se fará efectiva en Galiza a igualdade salarial de xénero?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envio: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Vázquez Verao na data 11/02/2019 18:49:50

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:37:56
Nº Rexistro: 46011
Data envio: 12/02/2019 09:37:56.490

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A alopecia areata é unha enfermidade inmunolóxica que provoca a perda de pelo en diversas zonas do corpo, especialmente no coiro cabeludo. O sistema inmunolóxico das persoas con esta doenza detecta o pelo como unha ameaza interna, polo que os linfocitos o atacan, o que impide que este saia ao exterior. A día de hoxe, non hai unha causa científica que explique isto, polo que tampouco hai unha cura como tal. Si existen diversos tratamentos que poden chegar a facer efecto, pero teñen un elevado custo en termos de efectos secundarios sobre outros elementos do organismo.

Ademais de ocasionar a perda do cabelo tamén son moitas as persoas que sofren problemas psicolóxicos, asociados a esta enfermidade e a estas consecuencias, derivando en inseguridades e déficits nas relacións sociais que provocan a necesidade de utilizar próteses capilares para agochar ou disimular a enfermidade e poder facer unha vida asimilable ao estandarizado.

Aínda que noutros casos de outras afectacións, como no caso das persoas que pasan por procesos de tratamento oncolóxico, tamén se utilizan próteses con obxecto semellante, o caso da alopecia areata ten a particularidade de ser unha afectación permanente. Isto provoca que as próteses precisen unha maior calidade e materiais mellores para unha maior duración, o que redunda en maiores prezos. Por ter algunha referencia, unha prótese de 18-25 meses de duración de utilidade pode ter un prezo final de 1.500 euros aproximadamente.

A consideración especial desta afectación e as vantaxes que pode xerar en varios planos persoais a utilización desta prótese abre a posibilidade de considerala de maneira especial no que corresponde á súa utilización en relación á enfermidade.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que pode ser positiva unha medida encamiñada a sufragar parte do custe das próteses capilares para persoas afectadas pola alopecia areata?

2. Ten a Xunta de Galicia unha estimación de persoas afectadas por esta enfermidade en Galicia?

3. Existe algunha previsión por parte da Xunta de Galicia de avances ou melloras no tratamento e seguimento das persoas afectadas por alopecia areata en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 09:35:30

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:35:35

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:39:32
Nº Rexistro: 46014
Data envio: 12/02/2019 09:39:32.195

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O estaleiro Vulcano situado na cidade de Vigo está a vivir unha situación crítica. O actual cadro de persoal leva afrontado o impago de cinco nóminas, e ademais, non existen garantías de ningún tipo para completar a necesaria financiación que permita rematar o ferry actualmente en construción, e poder cobrar, polo tanto, o que se lles debe aos traballadores, e aos provedores e auxiliares externos.

A Xunta de Galicia, ao lado do Banco de Santander, Pymar, Transmediterránea e a propia empresa, son os actores que na nosa opinión deberían manifestar publicamente o seu compromiso coa finalización da construción do ferry que actualmente se atopa nas gradas do estaleiro.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. E consciente a Xunta de Galicia da gravidade da situación produtiva e laboral que se está producindo no estaleiro Vulcano?

2. Tense reunido a Xunta de Galicia con todas as demais partes implicadas no proxecto para tentar chegar a un acordo global?

3. Existe algunha estratexia por parte de Xunta de Galicia que coopere co obxectivo de que os traballadores cobren os salarios que se lles deben?

4. Existe algunha estratexia por parte de Xunta de Galicia que coopere co obxectivo de garantir o pago aos provedores dos traballos que se lles debe?

5. Cal ten sido a implicación da Xunta de Galicia na supervisión da xestión da construción deste ferry?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 09:31:41

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/02/2019 09:31:46

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:39:52
Nº Rexistro: 46015
Data envio: 12/02/2019 09:39:52.705

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e **José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O modelo industrial anunciado como de éxito pola Xunta de Galicia, presenta sen ningunha dúbida, luces e sombras. Unha das maiores sombras, ademais das condicións laborais, é o habitual recurso a contratas e subcontratas, especialmente en traballos de certa envergadura.

No caso do sector naval civil, na área da ría de Vigo, vénse arrastrando dende fai tempo un longo e grave conflito. Que afecta gravemente a traballadores e a pequenos empresarios. Cando menos 12 empresas auxiliares do sector naval en Galicia téñense visto afectadas gravemente polos impagos das principais empresas do sector. Estamos a falar de case 5,5 millóns de euros e un total de 542 traballadores e traballadoras na rúa.

Esta situación provocou que neste momento moitos deses pequenos empresarios teñan as súas propiedades embargadas e sen posibilidade algunha de poder retomar a actividade empresarial coas débedas acumuladas coas diferentes administracións.

Sabendo que estamos ante un conflito de carácter mercantil, pensamos que a Xunta de Galicia debería mostrar unha mínima sensibilidade cos problemas destes traballadores e pequenos empresarios.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia da problemática das débedas do sector naval con unha serie de pequenas empresas auxiliares?

2. Ten mantido a Xunta de Galicia algunha xuntanza con estes afectados?

3. Ten pensando a Xunta de Galicia establecer algún canle de axuda para estes traballadores e pequenos empresarios?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4. Considera a Xunta de Galicia razoable que algunhas destas empresas morosas teñan recibido subvencións públicas?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 09:30:57

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/02/2019 09:31:11

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:56:25
Nº Rexistro: 46017
Data envio: 12/02/2019 09:56:25.225

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O 11 de febreiro coñeciamos a través do xornal El País, que a Xunta de Galicia supostamente pagou dende 2004 e durante máis dunha década, o aluguer da vivenda do fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, e que seguiu ocupando o piso sen asumir o seu pago cando, tras varios avisos, o Goberno galego deixou de facelo en 2016. Segundo informa este xornal, dende entón ninguén paga as mensualidades ao propietario.

Cando o fiscal xefe da Audiencia provincial de Ourense tomou posesión do seu cargo no ano 2004, a través dunha resolución publicada no DOG do 10 de febreiro de 2005, a Xunta de Galicia puxo ao seu dispor un céntrico piso, de ao redor de 200 metros cadrados e 950 euros mensuais de aluguer, que a Administración autonómica comprometíase a financiar co resto de gastos da vivenda. Segundo se recolle no propio diario oficial o Goberno galego, daquelas presidido por Manuel Fraga, xustificaba a decisión por "necesidades de servizo". Todo elo a pesares de que daquelas xa se suprimiran a maioría das vivendas que presidentes e fiscais de audiencias provinciais ocuparon durante décadas nas dependencias dos antigos palacios de xustiza.

No ano 2008, a Xunta de Galicia presidida por Emilio Pérez Touriño, rematou cos dous casos de alugueres subvencionados para cargos xudiciais que quedaban na nosa comunidade autónoma, por considerar que supuñan o mantemento de situacións de privilexios contrarias ao interese público: o da presidenta da Audiencia Provincial de Lugo, e o fiscal xefe de Ourense.

En 2009, coa chegada de Feijóo á Presidencia de Goberno galego, mantense o financiamento da vivenda ata que en 2010 a Xunta de Galicia anuncia de novo ao Fiscal que rescinde o contrato, e deixa de pagar as mensualidades.

A pesar dos requirimentos, o fiscal xefe non abandonou a vivenda cuxo aluguer ninguén abona, o que levou ao arrendador a presentar unha demanda por falta de pagamento contra o Goberno galego. Segundo se recolle na propia nova, a Xunta de Galicia afirma que en 2016 resolveu o contrato cesando no abono do aluguer e

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:56:25
Nº Rexistro: 46017
Data envio: 12/02/2019 09:56:25.225

dende ese momento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que estivo abonando a Xunta de Galicia durante máis dunha década os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia provincial de Ourense?
2. Segue na actualidade pagando a Xunta de Galicia os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia provincial de Ourense?
3. En caso de terse realizado a resolución do contrato, en que data se produciu?
4. En caso de terse realizado a resolución do contrato, cales foron os motivos?
5. Coñece a Xunta de Galicia os motivos polos que non se suprimiron os servizos da vivenda (luz, calefacción e auga)?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:55:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 09:55:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 09:55:18

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:57:58
Nº Rexistro: 46019
Data envio: 12/02/2019 09:57:58.586

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Davide Rodríguez Estévez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª.**

O Concello de Chandrexa de Queixa, con 466 habitantes, o 43,9% maiores de 65 anos, ten menos dun millón de euros de orzamento municipal.

O Concello promoveu a construción dunha residencia municipal de maiores en 2014, mediante convenio coa Xunta, cuxa concesión do servizo saca a concurso por aproximadamente 6,8 millóns de euros, por cinco anos, cunha capacidade máxima de 77 prazas.

No RUEPS figura a residencia de Chandrexa de Queixa con permiso de actividades, número de rexistro E0819C001.

O 1 de febreiro admítense as ofertas de tres empresas de servizos.

A tarifa máxima fixada por praza son:

1.100 €/mes para persoas con autonomía

Para persoas dependentes:

- grao I: 1.350 €/mes

- grao II: 1.500 €/mes

- grao III: 1.650 €/mes

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:57:58
Nº Rexistro: 46019
Data envio: 12/02/2019 09:57:58.586

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Ten previsto a Xunta concertar prazas coa residencia de maiores de Chandrexa de Queixa? Cantas?

- Considera a Xunta viable, tal como está formulado, o proxecto de residencia de maiores de Chandrexa de Queixa?

- Cal é a lista de agarda para cada unha das prestacións de Dependencia no Concello de Chandrexa de Queixa?

- Cando vai a Xunta planificar, xunto cos Concellos, a dotación de novas prazas de residencias de maiores públicas?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/02/2019 09:54:55

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:57:58
Nº Rexistro: 46019
Data envio: 12/02/2019 09:57:58.586

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

David Rodríguez Estévez na data 12/02/2019 09:55:04

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:20:53
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 12/02/2019 10:20:53.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galiza do pasado 13 de xullo de 2017 publicaba a Resolución do 23 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, da fábrica de electricidade da Ponte Nova sita na parroquia de Betanzos, no concello do mesmo nome.

Dita disposición remarcaba o valor deste edificio industrial modernista asegurando que *"Desde o punto de vista da relevancia cultural, este ben considérase que o seu compoñente de autenticidade se ve reflectida principalmente polo feito de que esta fábrica de electricidade é testemuño significativo da introdución da electricidade en Galicia, xa que foi unha das primeiras instalacións deste tipo que se implantaron nas cidades galegas e das que apenas quedan exemplos. Así mesmo, a calidade do deseño, tanto do primeiro volume coma do engadido da fábrica de electricidade, fai que esteamos ante unha obra significativa da primeira arquitectura industrial galega, avalada pola suposta autoría dun dos arquitectos máis representativos da arquitectura galega dos primeiros anos do século XX: Rafael González Villar. A singularidade deste ben vese reforzada polo lugar no que se situou, que ocupou unha xunqueira na beira da ría de Betanzos, a carón da Ponte Nova de acceso á cidade medieval. Porén, a integridade do ben está seriamente ameazada polo seu estado de abandono, polo que se deberían adoptar medidas oportunas para garantir a súa conservación, comezando pola súa protección".*

Concluía ordenando *"a anotación preventiva no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e aplicar, de forma provisional, o réxime de protección previsto para os bens catalogados mentres se tramite o expediente, que se deberá resolver no prazo máximo de*

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:20:53
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 12/02/2019 10:20:53.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dezaoito meses a partir da data desta resolución. Tras transcorrer ese prazo sen que se emitise resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento".

Describe o inmoble como un *"primeiro volume da fábrica de electricidade que se constrúe no ano 1895 e o segundo na década de 1910. A finais do século XIX, tamén se construíu o serradoiro, porén, segundo as fotografías antigas, este ocupaba unha posición máis próxima ao anterior edificio, descoñecéndose a data de construción do actual, como tamén se descoñece a data dos outros edificios auxiliares".*

Por este motivo, dispón para el "*nivel de protección integral, que garanta a conservación de todos os seus elementos*".

O 4 de maio de 2017 a propietaria do inmoble, General de Edificios y Solares, S.L., filial do grupo Naturgy- antiga Gas Natural Fenosa- solicita licenza de demolición do inmoble. O Concello denégaa o 28 de setembro En virtude desta Resolución e a empresa recorre ante a orde contencioso-administrativa a denegación.

Con posterioridade, en virtude desa mesma disposición xeral, o Concello dicta unha orde de execución, dando un prazo de dous meses finalmente ampliado a 4, á propiedade para asegurar diversos elementos e garantir a conservación do edificio. Tras pedir ampliar o prazo, que se concede, a empresa non executa os traballos.

En agosto, o Concello recibe nova notificación de recurso contencioso-administrativo, nesta ocasión atacando a propia orde de execución. En paralelo, a empresa remite ao Concello o 28 de xuño de 2018 solicitude de declaración de ruína técnica do edificio, insistindo nos argumentos expostos nos recursos e alegacións precedentes, contra a conservación do edificio modernista.

No expediente municipal tramitado ao efecto despréndese que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta o asunto, recabando a súa autorización para proceder á declaración de ruína da factoría construída pola familia de Xohán Vicente Viqueira e ampliada por Rafael González Villar para Industrias Núñez nos anos 20 en clara estética modernista, configurando un edificio singular e único de cantos se dedicaron a esta actividade no país.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:20:53
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 12/02/2019 10:20:53.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten pensado a Xunta autorizar a declaración de ruína deste singular edificio modernista?

- De ser así, en base a que motivos se actúa en contra dos criterios e valoracións recollidas na Resolución do 23 de xuño de 2017?

- No caso de denegarse a declaración de ruína pretendida por Naturgy, que medidas e que prazos baralla o goberno galego para obrigar a conservar este edificio patrimonial?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 10:20:00

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:20:53
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 12/02/2019 10:20:53.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 10:20:05

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 10:20:06

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 10:20:08

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 10:20:10

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 10:20:11

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:25:44
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 12/02/2019 10:25:44.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Na Patiña no concello de Cambre hai un bloque de vivendas de protección oficial que parece ser vai ser vendido na súa totalidade. Todo indica que a nova empresa propietaria está decidida a non renovar algúns alugueres sociais, dous dos moradores xa foron advertidos desta decisión.

No inmoble viven máis de 50 familias con renda social, ben por algunha discapacidade ou por ter escasos ingresos, que se senten ameazadas e que presenten un futuro complicado.

Moitas destas familias son usuarias dos servizos sociais do Concello e necesitan destas axudas para sobrevivir, ademais de pagar un aluguer baixo como o que até agora tiñan.

Nas últimas semanas están recibindo notificacións de Altamira, plataforma que xestiona os activos inmobiliarios do Santander, aínda que hai novas que afirman que esta foi vendida a Apollo no ano 2013, un fondo de inversión estadounidense.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:25:44
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 12/02/2019 10:25:44.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de incerteza que están a vivir os veciños vén dada por estas continuas ventas entre grandes fondos de inversión e que todo fai presaxiar que se queren desfacer de diferentes activos inmobiliarios.

Desde o goberno municipal envióuselle á Xunta de Galicia unha carta solicitando información sobre o réxime actual destas vivendas e que solucións se lle poden dar ós veciños, dado que foi a Xunta quen outorgou licencia no seu día para construír o edificio e é a Administración competente en vivenda.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É coñecedora a Xunta de Galiza da situación de incerteza e temor que están a vivir as familias usuarias do inmoble en cuestión?

-Ten algún plan ou medida o Goberno galego para dar solución ás posibles continxencias que se deriven da rescisión dos contratos de alugueiro destas familias, nomeadamente as que están en risco de exclusión social?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:25:44
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 12/02/2019 10:25:44.002

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 10:25:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 10:25:23

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 10:25:24

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 10:25:26

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 10:25:28

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 10:25:29

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:32:48
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 12/02/2019 10:32:48.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O grave e progresivo envellecemento do territorio rural de Galicia e o despoboamento e abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión deste territorio se agraven e presenten un grande reto para o futuro da sociedade galega en xeral.

Unha das moitas respostas a este reto está en volverlle o protagonismo a un actor esencial no pasado do noso pobo: a castaña e o castiñeiro.

A demanda crecente debido á escaseza deste froito para abastece-lo mercado interior e internacional, xunto coas idóneas condicións climatolóxicas, edáficas e culturais que ofrece este noso País fan que teñamos na castaña unha alternativa viable e con futuro, unha esperanza a curto prazo no camiño dunha imprescindible recuperación do rural no poboamento e xestión do territorio.

Expertos de prestixio aseguran que o rendemento anual dunha hectárea de castiñeiro adicado a froito anda entre os 7.000 e os 11.000 euros por Ha. e ano, tendo logo un valor engadido moi superior no procesado e transformación do produto.

A demanda deste froito a nivel estatal e para a exportación medra ano a ano acadando prezos que fan altamente rentable o seu cultivo.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:32:48
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 12/02/2019 10:32:48.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ás avantaxes económicas deste cultivo debemos sumar o papel que podería xogar coma factor de discontinuidade nas masas forestais e de matogueira actuando coma franxa de seguridade e coma ralentizador nos lumes, principalmente cando as condicións son críticas.

Por outra banda as condicións de investigación, identificación de variedades de froito, clons híbridos resistentes á tinta, recuperación de soutos centenarios e basicamente a calidade dos froitos e a súa consideración internacional, afianzan as posibilidades estruturais presentes e máis futuras dun sector forte e dinámico con peso propio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente o Goberno Galego da importancia do cultivo e procesado da castaña e do papel que poden xogar para recuperar dinamismo económico e fixación de poboación no rural?

-Ten previsto o Goberno Galego algunha medida que aborde de xeito apreciable a expansión do cultivo da castaña?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:32:48
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 12/02/2019 10:32:48.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 10:31:46

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 10:31:51

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 10:31:53

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 10:31:54

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 10:31:56

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 10:31:57

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:40:40
Nº Rexistro: 46029
Data envio: 12/02/2019 10:40:40.765

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Vense de publicar no DOG do pasado 28 de xaneiro de 2019 o Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado o 15 de xaneiro deste ano, que contén unha serie de compromisos en materia de oferta de emprego público e de estabilización dos cadros de persoal do sector público autonómico. Este acordo complementa acordos anteriores, pendentes de efectivo cumprimento.

Ademais de supostos susceptibles de encadrarse nos procesos de estabilización e de funcionarización, existe persoal laboral autonómico que ten recoñecida xudicialmente a condición de "laboral indefinido non fixo", e que conforme á normativa orzamentaria en materia de emprego público a súa praza ten que ser tamén obxecto da correspondente regularización.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é actualmente o número total, desagregado por grupos, categorías e entidade ou departamento de adscrición, de empregados públicos do sector autonómico que teñen recoñecida xudicialmente a condición de "laboral indefinido non fixo"?

2ª) Cales son as previsións contidas nas ofertas de emprego público aprobadas en 2016, 2017 e 2018 para a regularización destas situacións?

3ª) Cales son as previsións a incluír nas ofertas de emprego público de 2019 e 2020 para a regularización destas situacións?

4ª) Cales son os criterios seguidos para a inclusión destas prazas nas diferentes ofertas de emprego público?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/02/2019 10:32:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/02/2019 10:32:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 10:32:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 10:35:02

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:41:00
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 12/02/2019 10:41:00.102

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Vén de se publicar no DOG do pasado 28 de xaneiro de 2019 o Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado o 15 de xaneiro deste ano, que contén unha serie de compromisos en materia de oferta de emprego público e de estabilización dos cadros de persoal do sector público autonómico. Este acordo complementa acordos anteriores, pendentes de efectivo cumprimento.

Ademais de supostos susceptibles de encadrarse nos procesos de estabilización e de funcionarización, existe persoal laboral autonómico que ten recoñecida xudicialmente a condición de "laboral indefinido non fixo", e que conforme á normativa orzamentaria en materia de emprego público a súa praza ten que ser tamén obxecto da correspondente regularización.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é actualmente o número total, desagregado por grupos, categorías e entidade ou departamento de adscrición, de empregados públicos do sector autonómico que teñen recoñecida xudicialmente a condición de "laboral indefinido non fixo"?

2ª) Cales son as previsións contidas nas ofertas de emprego público aprobadas en 2016, 2017 e 2018 para a regularización destas situacións?

3ª) Cales son as previsións a incluír nas ofertas de emprego público de 2019 e 2020 para a regularización destas situacións?

4ª) Cales son os criterios seguidos para a inclusión destas prazas nas diferentes ofertas de emprego público?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 10:41:00
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 12/02/2019 10:41:00.102

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/02/2019 10:36:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/02/2019 10:37:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 10:37:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 10:37:21

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 12:31:10
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 12/02/2019 12:31:10.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A resposta do goberno Rexistro de entrada: 10045874 que presuntamente responde á Pregunta Escrita Expediente: 10/PRE-011495 é sobre un tema totalmente diferente ao indicado e por parte doutra Consellaría. Esta práctica de responder unhas preguntas con outras comeza a ser habitual por parte do goberno da Xunta de Galiza, sumado a respostas deficientes, remisións constantes a outras preguntas, formulacións xenéricas e unha constante falta de corrección lingüística.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego insiste en solicitar resposta escrita das preguntas formuladas no expediente sinalado xa en agosto de 2018, e polo tanto formula as seguintes cuestións:

-Cales son as razóns da Xunta de Galiza para incumprir a ratio de alumnado de infantil no CEIP Pai Feixoo no lugar de incrementar unha aula para o curso 2018-2019?

-Tense reunido o goberno galego co colectivo demandante? En que datas e en que termos? Con que conclusións?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 12:31:10
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 12/02/2019 12:31:10.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que a masificación de alumnos e alumnas nas aulas de infantil favorece o seu desenvolvemento cognitivo e os procesos de aprendizaxe?

-Considera o goberno galego que situacións como esta contribúen a asentar poboación no rural?

-Que medidas vai tomar par corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 12:30:24

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 12:30:34

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 12:31:10
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 12/02/2019 12:31:10.043

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 12:30:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 12:30:40

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 12:30:42

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 12:30:44

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 12/02/2019 14:01:41.224

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de en Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.ª,** relativa á campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, poñen en marcha unha campaña de concienciación a favor da minaría nos colexios de Galicia dende infantil até bacharelato.

Resulta sorprendente e escandaloso a posta en marcha deste tipo de campañas de adoutrinamento a favor dun sector empresarial por parte do Goberno nun asunto que de ningunha maneira forma parte das necesidades formativas de nenas e nenos. Evidencia a capacidade de influencia do Lobby mineiro no Goberno Galego.

Por contra, consideramos que a obriga dun Goberno responsable sería a divulgación nos centros de ensino e na sociedade de contidos e campañas que defenderan as actuacións de protección e mellora do medio ambiente e a biodiversidade. E no referente as actividades mineiras a exixencia de restauración completa das zonas afectadas por explotacións en vigor e de aquelas que xa están pechadas.

Ante a falta de información suficiente sobre a utilidade pública da campaña mencionada na exposición de motivos, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 12/02/2019 14:01:41.224

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Outorgou a Xunta de Galicia algún tipo de financiamento público para esta campaña? No seu caso, por que importe e por que organismo?

2.- Considera a Dirección Xeral de Enerxía e Minas que entre as súas obrigas e competencias encóntrase o adoutrinamento das nenas e nenos en favor dun sector empresarial?

3.- Considera a Dirección Xeral de Enerxía e Minas a necesidade de desenvolver campañas de divulgación das necesarias actuacións de protección e mellora do medio ambiente e a biodiversidade? E, no referente as actividades mineiras, a exixencia de restauración completa das zonas afectadas por explotacións en vigor e de aquelas que xa están pechadas?

4.- Considera a Xunta de Galicia que a promoción e o fomento dun sector empresarial como a minaría ten cabida nas actividades do ensino galego?

5.- Considera a Xunta de Galicia lícito poñer os centros educativos públicos de Galicia á disposición dun Lobby empresarial para desenvolver as súas campañas de adoutrinamento a favor dos seus intereses?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 12/02/2019 14:01:41.224

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 12/02/2019 13:59:01

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:49:36
Nº Rexistro: 46086
Data envio: 12/02/2019 16:49:36.768

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o servizo de fisioterapia e logopedia na EOXI Lugo-Cervo-Monforte e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para o garantir ao conxunto da poboación.

Desde o mes de febreiro o SERGAS rachou o convenio que mantiña coa privada para a prestación do servizo de logopedia e fisioterapia na EOXI Lugo-Cervo-Monforte.

Sen máis información que a que lles proporcionaron as e os profesionais que viñan prestando o servizo, moitas persoas da Mariña, Lugo e Monforte víronse privadas das sesións que até o de agora prestaba o SERGAS –a través do devandito convenio.

Así o trasladaron ao Bloque Nacionalista Galego, entre outras, representantes das asociacións de persoas con TDAH e tamén de parálise cerebral, colectivos especialmente vulnerábeis, que se viron obrigadas a asumir cos seus propios recursos o custe do servizo para garantir a atención que as usuarias precisan.

As persoas usuarias e as súas familias denuncian, ademais da falta de información por parte da Xunta de Galiza, os prexuízos que causa a paralización destas sesións de rehabilitación, necesarias, mesmo indispensábeis, para garantir calidade de vida de milleiros de persoas na EOXI Lugo-Cervo-Monforte.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:49:36
Nº Rexistro: 46086
Data envio: 12/02/2019 16:49:36.768

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cantas persoas quedaron na EOXI Lugo-Cervo-Monforte sen fisioterapia e logopedia despois da ruptura do convenio asinado polo SERGAS coa privada?

- Canto tempo hai que se produciu a ruptura do convenio, canto hai que sabía o SERGAS desta situación e por que non informou ás persoas usuarias e as súas familias da paralización do servizo?

- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir a atención destas persoas e a reanudación das sesións de rehabilitación?

- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar especialmente na Mariña e Monforte?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:49:36
Nº Rexistro: 46086
Data envio: 12/02/2019 16:49:36.768

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 16:47:04

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 16:47:10

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 16:47:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 16:47:14

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 16:47:15

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 16:47:17

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:56:01
Nº Rexistro: 46089
Data envio: 12/02/2019 16:56:01.458

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia de 1 de febreiro de 2019, a Consellería de Política Social publicou a Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria, para as cales se destina un orzamento de 500.000 €.

As ditas subvencións van destinadas aos concellos galegos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; sendo a contía máxima que se pode solicitar de 6.000 € no caso das solicitudes individuais, 15.000 € para as solicitudes conxuntas se a entidade ou agrupación está formada por dous concellos e de 22.000 € se está formada por tres ou máis concellos e, no caso de concellos resultantes de procesos de fusión municipal poderán solicitar un máximo de 15.000 euros no caso de fusión de dous concellos e de 22.000 euros no caso de fusión de tres ou máis concellos.

No artigo 2 da dita Orde establécense as áreas de atención prioritaria:

"*a) Iniciativa local emprendedora: proxectos relacionados co emprendemento e a empregabilidade dos mozos e mozas.*
b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación.
c) Dinamización da información para a mocidade.
d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da mocidade na súa comunidade e na súa contorna.
e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade dos mozos e mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.
f) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.
g) Fomento da participación e o empoderamento das mulleres novas galegas.
h) Conservación e posta en valor do ambiente e do patrimonio cultural e natural.
i) Desenvolvemento e dinamización do medio rural.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:56:01
Nº Rexistro: 46089
Data envio: 12/02/2019 16:56:01.458

j) Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías".

Na propia exposición de motivos desta orde faise referencia á Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, que no seu artigo 1 establece que as políticas públicas dirixidas á mocidade terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 9 establece que a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor e potenciará entre a mocidade un sistema de actitudes e preocupacións do cal formen parte por iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

Tendo en conta a elevada taxa de desemprego entre a xuventude e a necesidade perentoria de mellorar a súa capacitación profesional e persoal, a súa estabilidade, a produtividade e a eliminación da brecha de xénero.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego suficiente a contía orzamentaria establecida para cumprir cos obxectivos recollidos na dita Orde?

2ª) Considera o Goberno galego que os concellos constituídos pola fusión de concellos necesitan fomentar en maior medida o espírito emprendedor da súa xuventude?

3ª) Cales son as medidas aplicadas polo Goberno galego para dar cumprimento ao artigo 9 da Lei de xuventude de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 16:45:50

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 16:45:58

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 16:46:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 16:46:16

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 17:01:31
Nº Rexistro: 46094
Data envio: 12/02/2019 17:01:31.525

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa á campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia.

Tal e como denuncia a Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza, o día 12 de febreiro realizarase na Cidade da Cultura un acto do 'lobby' da minaría no que se presentará un **'kit' de materiais supostamente educativos destinados a nenas e nenos de infantil, primaria e secundaria**. Trátase dun evento para presentar unha campaña máis coa que tratar de lavar a cara da minaría nos colexios de Galicia.

A Rede ContraMINAcción denuncia que "mentres a Administración dedica grandes esforzos e recursos públicos a estas campañas de enxeñaría social, ducias de explotacións mineiras continúan sen restaurar ou, o que é peor, se converten en focos agravados de contaminación como ilustran as minas-vertedoiro de Miramontes, Casalonga ou Touro, na contorna da capital galega".

É, cando menos curioso que a Xunta de Galicia dea cabida a este tipo de accións nos centros educativos que nada teñen a ver coas necesidades educativas das nenas e nenos de Galicia. E que, ademais, ocultan a realidade depredatoria e a degradación medioambiental, patrimonial e paisaxística de moitos destes proxectos.

Por estes motivos En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 17:01:31
Nº Rexistro: 46094
Data envio: 12/02/2019 17:01:31.525

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Con que obxectivo se van divulgar estes contidos nos centros educativos de Galicia?

2. En que cursos se vai implantar?

3.Considera a Xunta de Galicia lícito poñer os centros educativos públicos de Galicia á disposición dun Lobby empresarial para desenvolver as súas campañas de adoutrinamento a favor dos seus intereses?

4. Ten destinado a Xunta de Galicia algún tipo de financiamento público para esta campaña?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 16:53:43

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 16:53:51

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 46102
Data envio: 12/02/2019 17:23:43.819

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A empresa Ferroatlántica, que ten a concesión para explotar os recursos naturais da Costa da Morte, beneficiouse de concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como da Declaración de Utilidade Pública para a expropiación de terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

As actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha unidade produtiva única, conforme queda constatado nas diferentes autorizacións administrativas concedidas. Ademais para que Ferroatlántica puidese e poida desenvolver a súa actividade, por parte da empresa utilizáronse os nosos recursos naturais, isto é, os nosos ríos, pasando pola expropiación de terreos dos veciños da Costa da Morte para a posterior construción de encoros, ata o peche da fervenza do Ézaro limitándose a súa apertura a determinados días e horas do ano. Pero esta utilización dos nosos recursos para a produción de activos hidráulicos non tivo como reflexo o prometido investimento por parte da empresa nos centros de traballo de Cee e Dumbría.

Ferroatlántica acaba de formular un expediente de regulación de emprego temporal (ERTE) para as súas plantas de Cee-Dumbría e Sabón, en Galicia. Ademais por parte da representación da empresa matriz, Ferroglobe, advertiuse sobre as medidas a tomar no futuro, nas que incluía ademais da redución de gastos e empregos a venda de activos non esenciais. Esta ameaza do ERTE así como a posibilidade de venda de activos, decisión agora pendente dos tribunais, fixo saltar as alarmas na Costa da Morte e Sabón.

Polo que ante esta preocupación, é convinte determinar se o Goberno galego ten coñecemento da intención de Ferroatlántica de presentar un ERTE que afectaría ás súas fábricas na Costa da Morte e Sabón e, en tal caso, expresa posibles medidas ante as posibles dificultades económicas nas que se atoparán estes traballadores e traballadoras ameazados polo ERTE.

Hai que ter en conta que nos últimos 30 anos desapareceron empresas importantes como *Ballenera* de Caneliñas ou *Astilleros Sicar*, ademais da perda de postos de traballo na propia Ferroatlántica.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 46102
Data envio: 12/02/2019 17:23:43.819

Precísase un compromiso da Xunta coa empresa para o mantemento da actividade e do emprego despois das inxentes axudas públicas que ten recibido por parte das diferentes administracións, entre elas a ampliación do porto de Brens que se fixo basicamente para darlle servizo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da intención de Ferroatlántica de presentar un expediente de regulación de emprego temporal, que afectaría ás súas fábricas na Costa da Morte e Sabón?

2ª) En caso positivo, que diferentes medidas valora ante as posibles dificultades económicas nas que se atoparán estes traballadores e traballadoras ameazados polo expediente de regulación?

3ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para tratar de que a empresa manteña a actividade e o emprego despois das inxentes axudas públicas que ten recibido por parte das diferentes administracións?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2019 17:18:53

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 17:19:06

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 17:19:19

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 17:19:29

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 18:15:34
Nº Rexistro: 46108
Data envio: 12/02/2019 18:15:34.018

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, sobre a protección das pinturas rupestres de Casaio.

Hai poucos días o equipo de Sputnik Labrego e Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL documentaron un dos conxuntos pictóricos prehistóricos máis importantes do noroeste peninsular na localidade de Casaio, en Carballeda de Valdeorras.

Segundo explican dende Estela Arqueoloxia a descuberta produciuse durante o proceso de documentación dunha choza da guerrilla antifranquista. Observadas as pinturas deron parte á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que confirmase o achado, que enviaría a José Manuel Rey, especialista en arte rupestre e director do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campolameiro (Pontevedra), que confirmou a importancia da descuberta.

Nas primeiras visitas as investigadoras xa localizaron unha quincena de pinturas diferentes entre as que destaca un ídolo oculado, o primeiro documentado no país, e que supón un importante fito arqueolóxico xa que nos atoparíamos ante o maior legado de pintura esquemática prehistórica do noroeste peninsular, máis aínda tendo en conta que a presencia da arte rupestre pictórica en Galicia é moi escasa.

Por estes motivos, En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 18:15:34
Nº Rexistro: 46108
Data envio: 12/02/2019 18:15:34.018

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.ª) Que vai facer o Goberno galego para protexer este achado?

2.ª) Ten iniciado o seu proceso de catalogación?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 18:08:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 18:08:24

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46115
Data envio: 12/02/2019 18:33:17.757

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A UE ten un dos estándares de seguridade alimentaria máis elevados do mundo, en gran parte grazas ao sólido conxunto da lexislación da UE en vigor, que garante que os alimentos sexan seguros para os consumidores. Unha ferramenta clave para asegurar o fluxo de información para permitir unha reacción rápida cando se detectan riscos para a saúde pública na cadea alimentaria é *Rapid Alert System for Food and Feed* (RASFF), o sistema de alerta rápida para alimentos e pensos.

No mes de febreiro activouse unha alerta pola posible contaminación por salmonela de mexillóns, procedentes de España e empaquetados en Italia. Esta alerta tiña nivel de risco "serio" e a acción requirida é a retirada do mercado. Desde o sistema *RAFSS* recoméndase prestar moita atención e non consumir mexillóns refrixerados de España sen sometelos primeiro a control por parte do servizo local de hixiene e nutrición. Hai que ter en conta que os mexillóns filtran o contido dos mares nos que viven, que non sempre están perfectamente limpos, polo que poden ser unha fonte de contaminación bacteriana.

Cabe preguntarse se á luz desta información se detectaron partidas en Galicia, que poidan estar afectadas por esta posible contaminación, e nese caso que medidas é preciso tomar por parte do Goberno galego.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da notificación do *RAFSS* que alerta de risco serio por presenza de salmonela en mexillóns vivos procedentes de España e empaquetados en Italia?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algunha actuación en relación coa dita alerta, se for o caso, cal?

3ª) Ten coñecemento o Goberno galego da posible afectación ao sector do mexillón en Galicia?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46115
Data envio: 12/02/2019 18:33:17.757

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2019 18:30:23

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 18:30:36

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46116
Data envio: 12/02/2019 18:34:27.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O 31 deste mes de maio remata o prazo dado polo goberno galego para a xestión das faixas de seguridade e xestión de biomasa. O plan de actuacións en faixas secundarias fai recaer nos concellos a totalidade da carga destas medidas.

Diciamos nunha iniciativa debatida na Comisión 7ª o 20 de abril pasado que:

"Non pode, como pretende o Goberno galego, facer descansar no "voluntarismo" dos concellos (dados os limitados medios e recursos reais que teñen) a prevención de incendios forestais no contorno dos núcleos e vivendas habitadas e actuar contra o abandono de fincas próximas ás vivendas; senón que ha de depender dun deseño planificado, programado e con medios técnicos adecuados que permita ademais consolidar unha acción sostida para protexer os núcleos habitados".

Advertiamos tamén da necesidade de establecer mecanismos directos e estables de colaboración entre os concellos e o persoal técnico dos distritos para levar a termo de inmediato unha planificación das actuacións preventivas con base na información de risco que teñen ambas as dúas administracións, a fin de que os concellos teñan ademais unha guía de actuación consonte prioridades predefinidas con base en criterios técnicos solventes.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46116
Data envio: 12/02/2019 18:34:27.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Chamabamos a atención tamén da imposibilidade de parte da maioría dos concellos galegos de poderen levar a cabo estes labores baixo risco de provocar un colapso na administración local se a Xunta non poñía a disposición dos mesmos os medios humanos e orzamentarios necesarios para tal labor.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é o balance de actuacións feitas, número de hectáreas sobre as que se actuou subsidiariamente e número de hectáreas que foron limpas voluntariamente?

-Cal foi a aportación orzamentaria ós concellos de parte da Xunta para este labor?

-Cales foron os principais impedimentos con que se atoparon os concellos á hora de poñer en práctica as instrucións dadas desde a Consellería de Medio Rural ó respecto?

-Que ten previsto facer a Xunta de Galicia para continuar con este labor?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46116
Data envio: 12/02/2019 18:34:27.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 18:33:24

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 18:33:29

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 18:33:30

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 18:33:31

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 18:33:33

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 18:33:34

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46124
Data envio: 12/02/2019 18:48:06.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O pasado mes de xaneiro de 2019 fixéronse públicas as dilixencias informativas abertas pola Fiscalía Xeral do Estado contra o Fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado para esclarecer unha falta disciplinaria grave de "abuso de autoridade", expediente disciplinario que tamén afecta ao Fiscal Superior de Xustiza, Fernando Suances.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego resulta de máxima gravidade a existencia de indicios que sustentan a apertura das dilixencias informativas xa que poñen de manifesto novas dúbidas sobre a súa actuación e sitúa en entredito a presunta independencia da que debe gozar o sistema xudicial.

O BNG considera que o expediente disciplinario contra Florentino Delgado resulta un novo exemplo da falta de separación de poderes que se está a observar na xustiza española en xeral e no ámbito de Ourense en particular con indicios de obedecer ao servizo dos intereses do Partido popular como aconteceu no caso do ex-alcalde de Ourense, Manuel Cabezas beneficiando a algúns promotores a través de cesións urbanísticas provocando continuos atrasos e demoras inxustificadas así como graves repercusións para esfera pública e política.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46124
Data envio: 12/02/2019 18:48:06.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis aínda, o pasado 11 de febreiro a xornalista Cristina Huete, recorrentemente denunciada pola familia Baltar, sacaba á luz que o Fiscal Xefe desfrutaba da prebenda de ter financiados os custos de vivenda desde que en decembro de 2004, sendo Manuel Fraga presidente, o Goberno galego asinara un contrato por cinco anos, ata decembro de 2009, para pagarlle o alugueiro ao fiscal xefe da Audiencia desa provincia. Prebenda que o goberno Núñez Feijóo prolongaría até 2016 unha vez regresado o Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza e que acabaría derivando nun proceso xudicial por parte da persoa propietaria do inmoble ao non terse desocupado.

Esta situación é un absoluto escándalo, do punto de vista político pola decisión de prolongar esta prebenda e do punto de vista ético e moral do que debera ser un cargo garante da xustiza. É intolerábel a estas alturas tanto a falta de transparencia da Xunta de Galiza como a insuficiencia de medidas para apartar a esta persoa da actividade xudicial, mentres non se esclarezan as súas responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Cal é a contía total de diñeiro que ten custado até o momento ás arcas públicas galegas o mantemento dos privilexios do Fiscal Xefe de Ourense?

Cales son os motivos que levaron ao goberno galego a manter a partir de 2009 esta prebenda? Cales para tentar pórlle fin no ano 2016?

Que tipo de gastos lle foron sufragados ao Fiscal Xefe de Ourense? Houbo algún outro cargo xudicial con este tipo de beneficios sufragados pola administración galega? Cales e durante que datas? Existe algún caso hoxe en día?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46124
Data envio: 12/02/2019 18:48:06.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a valoración do goberno galego desta situación? Cales as súas perspectiva de resolución?

Considera a Xunta de Galiza que se pode afirmar que as actuacións do Fiscal Xefe de Ourense durante este tempo foron independentes e non favoreceron ao Partido Popular?

Xosé Luis Rivas Cruz, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

En setembro de 2011 a Dirección Xeral de Patrimonio iniciou un procedemento sancionador pola demolición sen licenza, o 2 de outubro de 2008, da denominada Casa Gótica de Betanzos, no número 5 da rúa da Cerca, no Casco Histórico da localidade, declarado Ben de Interese Cultural ao ser un conxunto histórico-artístico. O edificio demolido contaba, entre outros elementos, dun arco conopial gótico do século XV, dous brasóns do fundador, o rexedor Lopo García de Vilousaz, e un característico balcón corrido mariñán.

O 14 de febreiro de 2012 o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio do servizo de Vixilancia e Inspección da mesma Dirección Xeral de Patrimonio, notificando á propiedade do inmoble a resolución do expediente ofrecéndolle 15 prazos para alegacións. Segundo ese anuncio, no procedemento sancionador S-C-26.11 imputábaselle una infracción moi grave da Lei 8/1995 do 30 de outubro de patrimonio cultural de Galiza, pola que se propuña unha sanción mínima de 150 000 euros por realizar obras de demolición deste edificio, proceder á desmontaxe e retirada dos escudos da fachada sen a correspondente licenza municipal e a preceptiva autorización de Patrimonio. É a última referencia que se pode atopar a este procedemento no Diario Oficial de Galiza.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:38:06
Nº Rexistro: 46252
Data envio: 13/02/2019 16:38:06.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pouco despois, o 1 de marzo de 2012, a Xunta acordaba aprazar calquera decisión "ata o momento en que recaia resolución" do procedemento penal iniciado contra o propietario polo Concello, que concluíu en xullo de 2014 coa absolución do propietario pola demolición sen licenza do edificio, malia soster o fallo que efectivamente houbera danos de entidade contra o patrimonio histórico-cultural e co Ministerio Público sostendo que era responsabilidade do propietario o "progresivo e groseiro" deterioro e derrubo do emblemático edificio.

Desde aquela data, o Goberno galego, a tenor do publicado no Diario Oficial de Galiza, evitou retomar o proceso- ou incoar un novo expediente sancionador- malia ser firme xa esta sentenza xudicial.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Por que motivo o Goberno galego "perdoou" de facto a sanción que puidera recaer no procedemento sancionador polo derrubo sen licenza da Casa Gótica?

-Ten pensado retomar o procedemento sancionador toda vez que a vía xudicial xa queda definitivamente clausurada?

-De ser o caso, a que agarda para iniciar o procedemento?

-En caso contrario, pretende o Goberno galego deixar impune esta demolición que empobreceu sensiblemente o Casco Histórico de Betanzos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:38:06
Nº Rexistro: 46252
Data envio: 13/02/2019 16:38:06.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 16:37:20

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 16:37:25

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 16:37:27

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 16:37:28

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 16:37:30

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 16:37:31

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:41:44
Nº Rexistro: 46255
Data envio: 13/02/2019 16:41:44.487

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Aínda estando á espera das novas que se nos deben polo respecto debido á democracia en xeral e a esta Comisión en particular, imos face-las cousas coa mesura debida cunha somera exposición de motivos.

A estas alturas e rematada xa a campaña da pataca en todo o País, existe un hermetismo en torno ó tema que fai sospeitar que as cousas non lle foron ben á Consellería. O silencio por veces é froito da prudencia, mais por veces agocha covardías.

Nin os concellos afectados pola praga e con restricións manifestas, nin a Comisión 7ª existindo un acordo unánime demandando información puntual, nin as organizacións agrarias, nin os medios de comunicación, nin, por suposto, a cidadanía... Ningún deles ten/temos información a respecto de:

-Número de afectados directamente, produtores para comerciar e produtores para autoconsumo.

-Medidas de control sobre a circulación polo territorio galego do tubérculo e incidencias se as houbo.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:41:44
Nº Rexistro: 46255
Data envio: 13/02/2019 16:41:44.487

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Número de denuncias, accións punitivas e incidencias a respecto do incumprimento da corentena nos concellos afectados e no territorio que conforma a franxa de seguridade.

-Cantidade de tubérculo afectado pola praga ou sospeitoso de afectación destruído.

-Condicións en que se realizou a retirada e destrución deste tubérculo afectado e anomalías rexistradas nestes procesos.

-Estado das investigacións, se as hai, arredor da praga e medidas fitosanitarias posibles.

-Medidas, se as hai, no tocante á muda de usos e costumes na plantación e demais labores de cultivo que poidan axudar na contención e posible erradicación do problema.

-Axudas ós afectados, número de solicitudes, axudas concedidas, cuantías.

-Se houbo axudas directas, lucro cesante en autoconsumo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal é o número de afectados directamente, produtores para comerciar e produtores para autoconsumo?

-Que medidas de control se tomaron no tocante á circulación polo territorio galego do tubérculo e incidencias se as houbo?

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:41:44
Nº Rexistro: 46255
Data envio: 13/02/2019 16:41:44.487

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Número de denuncias, accións punitivas e incidencias a respecto do incumprimento da corentena nos concellos afectados e no territorio que conforma a franxa de seguridade?

-Que cantidade de tubérculo afectado pola praga ou sospeitoso de afectación foi destruído?

-En que condicións se realizou a retirada e destrución do tubérculo afectado e anomalías rexistradas nestes procesos?

-En que estado están as investigacións, se as hai, arredor da praga e medidas fitosanitarias posibles?

-Que medidas, se as hai, no tocante á muda de usos e costumes na plantación e demais labores de cultivo que poidan axudar na contención e posible erradicación do problema se recomendan á poboación?

-Que axudas se puxeron en marcha para os afectados, número de solicitudes, axudas concedidas, cuantías?

-Houbo axudas directas, lucro cesante en autoconsumo?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:41:44
Nº Rexistro: 46255
Data envio: 13/02/2019 16:41:44.487

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 16:40:32

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 16:40:37

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 16:40:38

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 16:40:39

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 16:40:41

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 16:40:42

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:42:47
Nº Rexistro: 46256
Data envio: 13/02/2019 16:42:47.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 15 de xuño de 2012 publicábase no DOG núm. 114, a RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a aprobación do proxecto de execución, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental referidos ao proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, provincia da Coruña (expediente IN661A 2010/12).

O DOG núm. 89 do 11 de maio de 2016 publicaba o anuncio da resolución pola que se daba publicidade á declaración de impacto ambiental e, posteriormente (BOP do 7 de xuño de 2016), facíase público o acordo polo que se autorizaban as instalacións, se aprobaba o proxecto de execución e se declaraba a utilidade pública do proxecto.

Contra estes acordos e no prazo regulamentario foi presentado recurso de reposición por parte de persoas afectadas, tanto no relativo á declaración ambiental como á declaración de utilidade pública, sen que até este momento tiveran resposta.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:42:47
Nº Rexistro: 46256
Data envio: 13/02/2019 16:42:47.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Foi aceptado o recurso de reposición presentado en tempo e forma contra as resolucións relativas ao parque eólico do Oleirón (expediente IN661A 2010/12)?

-Cal é o estado actual de tramitación do expediente?

-Cales son as previsións a respecto da execución do proxecto?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 16:42:24

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:42:47
Nº Rexistro: 46256
Data envio: 13/02/2019 16:42:47.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 16:42:28

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 16:42:30

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 16:42:31

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 16:42:32

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 16:42:34

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:55:29
Nº Rexistro: 46258
Data envio: 13/02/2019 16:55:29.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nas pasadas semanas a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría de Estado de Medio Ambiente tivo en período de consultas a avaliación do impacto ambiental dos proxectos de parques eólicos promovidos pola empresa **GREEN CAPITAL POWER, S.L.**; coñecidos como **Ardemil (Ordes), A Pobra (Mesía) e Labandeira (Vilasantar)**. O coñecemento destes proxectos por parte dos concellos afectados foi moi tardía pois a faísca saltou nos últimos días do prazo de alegacións. Era tal o despropósito e a falsidade de datos contidos e foi tal a alarma creada que a mesma empresa comunicou ós respectivos alcaldes que desistía deles. Pero a verdade é que seguen activos en fase de consultas na páxina Web do Ministerio.

O que non se sabía é que a mesma empresa tiña xa desde outubro de 2017 presentada unha solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria de polo menos 2 novos parques na comarca, pois se están a tramitar na Dirección Xeral de Enerxía e Minas expedientes de autorización administrativa previa á construción de dous PARQUES EÓLICOS – os denominados ***MONTE INXERIO*** (Ordes e Cerceda) e ***GASALLA*** (Frades e Mesía)- na Comarca de Ordes, promovidos por

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:55:29
Nº Rexistro: 46258
Data envio: 13/02/2019 16:55:29.282

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Green Capital Power ao amparo da Lei 8/2009, sen que ata a data actual se enviase comunicado oficial a ningún dos Concellos afectados.

Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan están a xerar un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal; o que suscita adoptar un criterio razoable de que nos atopamos en espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan aparelladas.

Se atendemos as localizacións e características dos elementos de cada un destes parques eólicos, e analizando as localizacións propostas pola promotora, resulta inadmisible e inaceptable a colocación destes aeroxeradores, dun xeito significativo e relevante pola súa afección á poboación, dado que en concellos como os nosos, cuxos núcleos rurais de asentamento se encontran moi diseminados, ou inclusive coa existencia de vivendas illadas, a pretendida localización destes é moi próxima ás vivendas, a pesar de tratar de xustificar os 500 metros que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar tanto ao oído humano como ao seu sistema nervioso, resultarán nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.

Ademais, non podemos obviar que a transformación da paisaxe resulta irreversible dada a orografía do terreo do noso contorno, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais elementos do parque (edificacións auxiliares, vías internas, rede eléctrica, etc.). Igualmente a avifauna vese seriamente afectada, pola afección non só do seu hábitat senón tamén dos seus costumes, así coma das consecuencias negativas para o solo e a auga.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:55:29
Nº Rexistro: 46258
Data envio: 13/02/2019 16:55:29.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto ás figuras de protección medioambiental, cómpre recordar que na nosa comarca se atopa: o espazo protexido LIC río Tambre así como espazos de Rede Natura; espazos naturais de interese local de acordo co disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; parte do espazo sitúase dentro da Reserva da Biosfera denominada "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo"; así como o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).

Para rematar, cómpre engadir que nos atopamos nunha comarca cunha alta porcentaxe de terreos sometidos a procesos de concentración parcelaria, que no caso de Frades, Mesía e Oroso aproxímase ao 100% do seu territorio, e en Ordes supera o 80%; e que no caso concreto dos dous parques mencionados afecta integramente terreos cun alto potencial de aproveitamento do solo, ben sexa nas terras de labor desde o punto de vista agrícola e gandeiro, como nas terras a monte para un óptimo aproveitamento forestal.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galicia das incoherencias dos proxectos de Parques Eólicos de MONTE INXERIO E GASALLA promovidos pola empresa Green Capital Power e cal é a súa valoración?

-Considera a Xunta e Galicia que estes proxectos teñen a seriedade e as garantías necesarias para seren levados a cabo?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:55:29
Nº Rexistro: 46258
Data envio: 13/02/2019 16:55:29.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente a Xunta de Galicia do impacto social e ambiental que tería a instalación destes Parques Eólicos?

-Considera a Xunta de Galicia que a contraprestación económica que estes proxectos deixan na zona afectada é proporcionada ó impacto medioambiental e social que xeran?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 16:54:54

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 16:55:01

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:55:29
Nº Rexistro: 46258
Data envio: 13/02/2019 16:55:29.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 16:55:02

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 16:55:04

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 16:55:06

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 16:55:07

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:00:14
Nº Rexistro: 46261
Data envio: 13/02/2019 17:00:14.603

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A finais do ano 2015 Portos de Galicia anunciaba que levaría a cabo un plan de sinalización de bateas. A día de hoxe segue pendente de ser unha realidade.

A Consellería do Mar, en resposta á pregunta oral número 37842 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre "a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto", (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, contestaba entre outras cuestións que "O 4 de setembro de 2018, o director de Portos de Galicia reuniuse cos responsables de Portos do Estado nesta materia. Nesta reunión entregouse aos novos responsables de Portos do Estado o documento técnico previo do proxecto, redactado para a súa supervisión."

Sorprende enormemente que a resposta referencie as accións levadas a cabo en setembro de 2018, xa que como se indicou o plan é do ano 2015, o que dá lugar a preguntarse que accións se levaron a cabo con anterioridade. Un plan que implicaría mellorar as sinalizacións luminosas dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase ao longo dos dous anos seguintes. A día de hoxe aínda non é unha realidade.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos que causaron o retraso na execución real do plan de sinalización de bateas desde o ano 2015, data na que foi anunciado?

2ª) Que accións se levaron a cabo por parte do Goberno galego desde o ano 2015 ata setembro de 2018?

3ª) Vai facer realidade o Goberno o plan de sinalización de bateas, cando?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:00:14
Nº Rexistro: 46261
Data envio: 13/02/2019 17:00:14.603

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2019 16:52:45

Patricia Otero Rodríguez na data 13/02/2019 16:52:56

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:13
Nº Rexistro: 46267
Data envio: 13/02/2019 17:18:13.378

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e **Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.**

O Acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para alumnado no marco do proxecto Abalar Edixgal (AMT-2018-0057), enviouse para a súa publicación ao Diario Oficial da Unión Europea o 23 de agosto do 2018, e a súa corrección de erros o 27 de agosto de 2018.

Xa é cando menos raro que inda que sexa un acordo marco cun único empresario non se publique no Diario Oficial de Galicia, e se faga no medio do mes de agosto.

Por outra banda, esta licitación, nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares, para a contratación mediante un acordo marco cun único empresario, da subministración de equipamento para o alumnado no marco do proxecto Abalar- Edixgal.

Dise no obxecto do contrato, que desde o ano 2010 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e AMTEGA, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolven un proxecto de integración das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) na práctica educativa, chamado proxecto Abalar. Dentro das accións do primeiro eixo. Infraestruturas e equipamento nos centros está dotar aos centros educativos de Galicia, daqueles equipos necesarios para o desenvolvemento correcto do proxecto. Este equipamento componse de ordenadores ultraportátiles para o alumnado, dos

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:13
Nº Rexistro: 46267
Data envio: 13/02/2019 17:18:13.378

centros educativos públicos de Galicia. Así como obxecto deste contrato sinálase literalmente " a subministración de equipamento microinformático para o alumado nos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participantes no proxecto de educación dixital (Proxecto Abalar- Edixgal).

A contratación obxecto do prego son a subministración de ordenadores ultraportátiles, conta cun período de vixencia de 2 anos, prorrogables por outros dous máis. O sistema operativo requirido ten que ser compatible coa plataforma e as aulas do Proxecto Abalar, por tanto requírese que sexa Debian GNU/Linux Amtega-Educación.

O valor estimado do acordo marco é de 14.850.000 (SEN IVE), e o acordo marco por si só non xera obrigas económicas senón que estas nacerán consecuencia da selección realizada e dos contratos que a partir desta se realicen. Tampouco é vinculante o prezo unitario máximo sen IVE de 495 € e o número de unidades, establecidas en 30.000.

O prazo de recepción de ofertas presentadas polos licitadores, estivo aberto ata o 1 de outubro de 2018.

Desde a data de finalización da recepción de ofertas foron anuladas a convocatoria de apertura do sobre A e sobre B. Posteriormente xa no ano 2019, o 31 de xaneiro, revisouse a oferta da UTE PLEXUS-IECISA, por presentar valores anormais, e propúxose ao órgano de contratación, como a economicamente máis vantaxosa, a oferta desta UTE, no importe de 297,70 €/cada unidade (máis IVE).

Porén, a licitación segue sen resolverse nin estar formalizado o contrato e por tanto a súa execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:13
Nº Rexistro: 46267
Data envio: 13/02/2019 17:18:13.378

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.ª) - Cando pensa a Xunta resolver esta licitación?

2.ª) -Ten pensado executar a Xunta a licitación antes de que remate o curso escolar?

3.ª) - Que medidas desenvolveu a Xunta para que o programa Abalar seguise funcionando mentres tanto?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 16:25:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 16:25:20

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:23
Nº Rexistro: 46268
Data envio: 13/02/2019 17:18:23.013

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No último informe económico-financeiro emitido polo Consello de Contas de Galicia sobre as entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2016), o máximo órgano fiscalizador observa como a nosa Administración autonómica é aínda a sexta Comunidade Autónoma con maior número de entes instrumentais, contando a 1 de xaneiro de 2017 con 112 entidades pertencentes ao sector público autonómico. Tamén sinala o Consello de Contas que con todo, o simple número de entes públicos é unha variable pouco representativa da importancia do sector.

Sinala o Consello que a Administración galega segue sen facer pública a relación de entidades que deben ser consideradas como integrantes do seu sector público segundo a normativa propia aplicable, a propia Lofaxga. A Xunta de Galicia segue así a incumprir o artigo 52 da dita lei, que obriga á consellaría competente en materia de Facenda a pór en marcha un rexistro de entidades dependentes no que se deben inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente, eiva, insiste o Consello, que dificulta a delimitación exacta das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico.

Continúa este informe denunciando que ningún dos plans de racionalización do sector público dependente foi obxecto de publicación, non publicándose tampouco os informes nos que se avalía o seu grao de realización polo propio Goberno galego.

O Consello de Contas resalta que a pesar de número de entidades extinguidas, a importancia económica dun gran número delas é menor, supoñendo os aforros estimados polas baixas menos do 1 % dos fondos xestionados polas entidades dependentes polo que, reitera un ano máis o Consello, a redución do sector é máis nominal ca real. A creación de axencias está a supoñer a xestión descentralizada de políticas que ata o de agora eran desenvolvidas no eido das consellarías.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

No pasado Consello da Xunta do 17 de xaneiro deste ano o Goberno galego informou do estado actual do Plan de racionalización dos entes instrumentais ("Administración paralela"). Pero non parece que se estean a observar as recomendacións recorrentes do Consello de Contas neste ámbito.

Insta finalmente o Consello de Contas aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión, debéndose someter á avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos.

O artigo 2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, encomenda á Consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa a elaboración, polo menos, con carácter trianual, de plans de racionalización e reestruturación que analicen a estrutura organizativa e a dimensión orgánica da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico, tomando como referencia o principio de racionalización do gasto e a mellora da xestión do sector público.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para avaliar o custo de actividades e indicadores de xestión dos entes instrumentais autonómicos?

2ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para a avaliación periódica do funcionamento das axencias autonómicas?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar os niveis de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico?

4ª) Que previsións ten o Goberno galego para dar efectivo cumprimento ao disposto no artigo 52 da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2019 17:06:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2019 17:07:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2019 17:07:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2019 17:07:24

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:45
Nº Rexistro: 46269
Data envio: 13/02/2019 17:18:45.723

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No último informe económico-financeiro emitido polo Consello de Contas de Galicia sobre as entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2016), o máximo órgano fiscalizador observa como a nosa Administración autonómica é aínda a sexta Comunidade Autónoma con maior número de entes instrumentais, contando a 1 de xaneiro de 2017 con 112 entidades pertencentes ao sector público autonómico. Tamén sinala o Consello de Contas que con todo, o simple número de entes públicos é unha variable pouco representativa da importancia do sector.

Sinala o Consello que a Administración galega segue sen facer pública a relación de entidades que deben ser consideradas como integrantes do seu sector público segundo a normativa propia aplicable, a propia Lofaxga. A Xunta de Galicia segue así a incumprir o artigo 52 da dita lei, que obriga á consellaría competente en materia de Facenda a pór en marcha un rexistro de entidades dependentes no que se deben inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente, eiva, insiste o Consello, que dificulta a delimitación exacta das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico.

Continúa este informe denunciando que ningún dos plans de racionalización do sector público dependente foi obxecto de publicación, non publicándose tampouco os informes nos que se avalía o seu grao de realización polo propio Goberno galego.

O Consello de Contas resalta que a pesar de número de entidades extinguidas, a importancia económica dun gran número delas é menor, supoñendo os aforros estimados polas baixas menos do 1 % dos fondos xestionados polas entidades dependentes polo que, reitera un ano máis o Consello, a redución do sector é máis nominal ca real. A creación de axencias está a supoñer a xestión descentralizada de políticas que ata o de agora eran desenvolvidas no eido das consellarías.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:18:45
Nº Rexistro: 46269
Data envío: 13/02/2019 17:18:45.723

No pasado Consello da Xunta do 17 de xaneiro deste ano o Goberno galego informou do estado actual do Plan de racionalización dos entes instrumentais ("Administración paralela"). Pero non parece que se estean a observar as recomendacións recorrentes do Consello de Contas neste ámbito.

Insta finalmente o Consello de Contas aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión, debéndose someter á avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos.

O artigo 2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, encomenda á Consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa a elaboración, polo menos, con carácter trianual, de plans de racionalización e reestruturación que analicen a estrutura organizativa e a dimensión orgánica da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico, tomando como referencia o principio de racionalización do gasto e a mellora da xestión do sector público.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para avaliar o custo de actividades e indicadores de xestión dos entes instrumentais autonómicos?

2ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para a avaliación periódica do funcionamento das axencias autonómicas?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar os niveis de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico?

4ª) Que previsións ten o Goberno galego para dar efectivo cumprimento ao disposto no artigo 52 da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2019 17:08:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2019 17:08:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2019 17:08:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2019 17:08:49

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:25:11
Nº Rexistro: 46279
Data envio: 13/02/2019 17:25:11.635

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, sobre a cobertura das baixas no servizo de comedor escolar.

Entre os numerosos problemas detectados no servizo de comedores escolares, normalmente vinculados co proceso de privatización, este ano temos que destacar a denuncia feita dende os centros da tardanza que está tendo a Xunta á hora de cubrir as baixas médicas.

Así, no colexio de Xanceda, por exemplo, denunciaron que levaban dez días sen que se cubrira a baixa dunha das persoas que traballa no servizo o que dificultaba moito prestar a máxima calidade. Deste xeito os profesionais explicaron que se viron obrigados a ter que cambiar os menús toda vez que non é posible facer o mesmo tres que dúas persoas.

O que está de fondo, coma sempre, son os supostos aforros, recortes reiterados no ensino público que se deixan sentir en todos os ámbitos.

Por estes motivos En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- Cal é a media de días que tarda a Xunta de Galicia en substituír a unha traballadora ou traballador nos comedores escolares?

- Que opinan das demoras detectadas de máis de dez días?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:25:11
Nº Rexistro: 46279
Data envio: 13/02/2019 17:25:11.635

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- A que causa obedece esa demora?

- Podería recortarse o tempo de substitución destes profesionais?

- Está relacionada a demora cos recortes dos tempos da crise?

- Cantas baixas houbo o curso pasado entre o persoal de comedores escolares?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 17:02:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 17:02:30

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:45:24
Nº Rexistro: 46285
Data envio: 13/02/2019 17:45:24.181

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Moisés Rodríguez Perez e Cristina Romero Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A locomotora do Xacobeo 2021 está en marcha de cara unha cita clave para Galicia. O goberno galego está a traballar nun proxecto integral para toda Galicia e así poñer a Galicia como escaparate mundial.

Para elo é necesario que as TIC estean presentes en todos os ámbitos para poder alcanzar o éxito do próximo Ano Santo.

Así mesmo, a AMTEGA e Turismo puxeron en marcha o proxecto a plataforma dixital SMART CAMIÑO, que ven a ser unha iniciativa para aproveitar ao máximo a experiencia do camino gracias as vantaxes que nos ofrece a tecnoloxía.

Polo exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en oral en Comisión:

-Que valoración fai o goberno galego da utilización e repercusión do emprego das TIC para os turistas que visitan Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/02/2019 17:42:20

Marta Novoa Iglesias na data 13/02/2019 17:43:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:45:24
Nº Rexistro: 46285
Data envio: 13/02/2019 17:45:24.181

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/02/2019 17:43:30

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2019 17:43:40

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/02/2019 17:43:48

Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2019 17:44:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/02/2019 17:44:30

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:04:53
Nº Rexistro: 46264
Data envio: 13/02/2019 17:04:53.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as obras na ponte de Sigüeiro.

Durante o mes de setembro de 2018 estivéronse executando por parte do Ministerio de Fomento, a petición do Concello de Oroso, obras de reforzo da ponte medieval de Sigüeiro, situada na estrada N-550. Dita ponte medieval de Sigüeiro, datada nos séculos XIII-XIV e mandada levantar por Fernán Pérez de Andrade, forma parte da ruta inglesa do Camiño de Santiago, sendo un dos referentes patrimoniais de dito Camiño Inglés.

Foi o seu suposto estado de deterioro, derivado do intenso tráfico que soporta, o que levou ao Concello de Oroso a instar ao Ministerio de Fomento a realizar de maneira urxente obras para o seu reforzo. Dita intervención supuxo cementar a base dunha estrutura románico-gótica da ponte, así como o emprego de trades mecánicos para picar parte dos seus piares, segundo así constatan diferentes imaxes publicadas na prensa galega. Neste senso, consideramos que dita actuación é un novo ataque contra o patrimonio artístico galego, e unha desleixo na súa correcta conservación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:04:53
Nº Rexistro: 46264
Data envio: 13/02/2019 17:04:53.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Houbo algunha comunicación por parte do Concello de Oroso a algún departamento da Xunta de Galiza onde se puxera en coñecemento o estado de deterioro da ponte de Sigüeiro?

- Segundo o estado da ponte medieval, en que medida era urxente a realización destas obras e que estudos se teñen realizado por parte da Xunta de Galiza para avaliar o estado de conservación e posible deterioro de dita ponte?

- Houbo algunha comunicación por parte do Ministerio de Fomento de comezo de realización de ditas obras de reforzo, así como solicitude de autorización para a realización das mesmas, tendo en conta que están no ámbito de influencia do Camiño de Santiago?

- Tendo en conta o suposto carácter urxente para a execución de esta obra, porque non se puxo en coñecemento de dito risco aos usuarios desta estrada, e non se habilitaron vías alternativas que limitaran o uso da ponte?

- Que medidas adoptou a Dirección Xeral de Patrimonio no referente ao seguimento destas obras na ponte medieval de Sigüeiro, así como do impacto de ditas obras no Camiño Inglés?

- Realizouse algún estudo de avaliación sobre o impacto medioambiental que estas obras supuxeron para a fauna e flora da bacía do río Tambre?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:04:53
Nº Rexistro: 46264
Data envio: 13/02/2019 17:04:53.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 17:04:15

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 17:04:20

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 17:04:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 17:04:23

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 17:04:25

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 17:04:26

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46290
Data envio: 13/02/2019 18:30:05.851

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e **Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Os Puntos de Encontro Familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos Puntos de Encontro Familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Sen embargo a normativa de protección xurídica ás crianzas modificouse ca Lei 26/2015 de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que establece no artigo 2 e 11 no que se establece a primacía do interese superior do menor.

Por tanto, entendemos que resulta necesario fomentar que estes Puntos de Encontro Familiar sexan de xestión directa pública, garantindo o benestar social, a normal evolución das relacións das crianzas cos seus pais, avós ou outros familiares, e garantir un acceso a estes servizos a toda a poboación que nalgúns

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46290
Data envio: 13/02/2019 18:30:05.851

casos ten que recorrer grandes distancias ou agardar quendas, especialmente no rural. Así, por exemplo, nin na comarca do Salnés, nin na do Morrazo, existen Puntos de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse moitos quilómetros para ir ata outros.

As cantidades destinadas ao mantemento da rede dos PEF son desiguais entre as cidades, polo que nos gustaría coñecer os motivos polos que se dan estas diferenzas. Ademais, resulta fundamental, que se faga unha diagnose exhaustiva sobre o estado de todos estes, co fin de detectar posibles melloras.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado, así, por exemplo en Pontevedra, para chegar ata a entrada hai que atravesar un espazo que non ten iluminación dabondo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que os Puntos de Encontro Familiar teñen a dotación orzamentaria e de persoal necesaria?

2ª) Cal é o desglose dos gastos de mantemento dos PEF?

3ª) Axuda a Xunta de Galicia dalgún xeito ao desprazamento das persoas que teñen que percorrer longas distancias para asistir a este recurso?

4ª) Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algunha auditoría sobre a totalidade dos Puntos de Encontro Familiar galegos para actualizar a información dos centros no que atinxe a súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos, ubicación e modelos de xestión?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46290
Data envio: 13/02/2019 18:30:05.851

GRUPO PARLAMENTAR en marea

5ª) Ten pensado ampliar o número de PEF, creando novos en comarcas con alta demanda do servizo ou nas que as persoas usuarias deben desprazarse a puntos moi afastados?

6ª) Fai algún control sobre a aplicación da perspectiva de xénero nestes recursos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 18:28:04

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2019 18:28:12

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2019 18:28:15

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46295
Data envio: 13/02/2019 19:17:15.211

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Julia Torregrosa Sañudo e **Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.ª**

Malia que o salario medio anual de Galicia medrou un 2,2% con respecto ao ano 2015, situándose nos 21.082 euros, no ano 2016 continúa sendo o cuarto máis baixo do Estado. A media salarial galega está máis de 2.000 euros por debaixo da media estatal, de 23.156,34.

Os territorios con mellor media salarial son o País Vasco (27.480,7 euros), Madrid (26.330,1 euros) y Navarra (25.468,3 euros). A diferencia con respecto a Galicia é máis que salientable.

Aínda por riba, a fenda salarial de xénero incrementouse en Galicia. Aínda que aumentaron os salarios dos homes e das mulleres, os primeiros perciben un 2.5% máis que o ano anterior e as mulleres un 1,1% máis. O crecemento do salario masculino é máis do dobre que o feminino. Os homes gañan así 585 euros máis, alcanzando os 23.774,2, e as mulleres só 200 euros máis, chegando aos 18.294,5. A brecha bruta é polo tanto de case 5.500 euros anuais.

O aumento da desigualdade en Galicia contrasta co seu descendo no resto do Estado. Se no ano 2015 as mulleres cobraban de media un 22,8% menos que os homes, no ano 2016 a diferencia entre os sexos era de 22,3%.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46295
Data envio: 13/02/2019 19:17:15.211

Porcentualmente, os varóns galegos cobran de media un 30% máis que as súas compañeiras, o que os sitúa 7 puntos por enriba da cifra do estado de fenda salarial. Trátase, polo tanto, dun problema que se agrava no noso territorio. Algo semellante non pode acontecer por casualidade, senón que ten que ter algún tipo de causa estrutural sobre a que o Goberno tería que actuar.

Cando atendemos aos datos da precariedade, novamente as mulleres son as peor paradas. No ano 2016 o número de mulleres con ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional foi do 17,8%. Os homes na mesma situación non chegan ao 7,8%.

A mocidade comproba tamén como a recuperación reivindicada polo Partido Popular lles pasa de largo. Os menores de 20 anos foron os que máis viron reducir o seu salario medio no ano 2016, pero o resto de mozas e mozos tamén padeceron recortes. Os ocupados e ocupadas de entre 24 e 34 anos gañaron unha media de 16.464 euros, un 1,7 menos que no 2015.

Todo isto sucede ao mesmo tempo que se incrementa a fenda salarial entres os máis ricos e os máis pobres. Cómpre, polo tanto, tomar medidas para que cando chegue a recuperación económica non deixe a ninguén atrás e contribúa a limar as desigualdades que aínda hoxe se perpetúan.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

- A que atribúe a Xunta o aumento das diferencias salariais entre homes e mulleres? Por que aumenta a fenda salarial en Galicia, pero diminúe no resto do Estado? Que está a facer mal o Goberno do Partido Popular?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46295
Data envio: 13/02/2019 19:17:15.211

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- E no caso da mocidade, por que a xente nova ten que conformarse con salarios cada vez máis baixos e peores condicións laborais?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Julia Torregrosa Sañudo
Marcos Cal Ogando
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/05/2018 17:12:28

Julia Torregrosa Sañudo na data 30/05/2018 17:12:38

Marcos Cal Ogando na data 30/05/2018 17:12:44

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46305
Data envio: 13/02/2019 19:21:11.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa aos resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emprega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde estabelecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emprega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46305
Data envio: 13/02/2019 19:21:11.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso pais. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora o goberno galego a súa política de estímulo da automoción?

-Como valora o goberno galego os resultados do bono emprega automoción 2018? Vai continuar no futuro? Con que previsión orzamentaria? Introducirá cambios no seu enfoque? Considera que axudou a fixar postos de traballo? Como avaliou estes resultados?

-Cantas empresas se beneficiaron?

-Cales?

-Cal foi a contía concreta investida?

-Para cantos postos de traballo serviron? Durante canto tempo? Que tipo de contratación acometeron estas empresas? Temporal ou estábel? Xornada completa ou parcial? Cantas mulleres? Cantos homes?

-Para a selección dos e das beneficiarias tívose en conta se tiñan experiencia no sector?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46305
Data envio: 13/02/2019 19:21:11.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Fixo a Xunta de Galiza algún tipo de inspección respecto do cumprimento e avaliación do impacto destas axudas?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 19:18:18

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 19:18:23

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 19:18:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 19:18:26

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46305
Data envio: 13/02/2019 19:21:11.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 19:18:28

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 19:18:30

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46308
Data envío: 13/02/2019 19:21:50.764

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

Os datos evidencian que a capacidade exportadora da economía galega mantén un comportamento moi positivo. Mais tamén se evidencian dous importantes problemas nas exportacións galegas. A primeira delas é a forte dependencia do sector automobilístico e do sector téxtil e por outra banda, unha forte concentración das exportacións cara o mercado europeo.

Mais o principal problema témolo no número de empresas exportadoras. Segundo o indicador BAEXGA, o barómetro exportador de Galicia elaborado polo Foro Económico de Galicia, o noso territorio atoparíase por debaixo da media española nos catro indicadores con respecto ao número de empresas exportadoras. Así, pódese destacar que mentres non conxunto de España a porcentaxe de variación de empresas exportadoras aumentou nun 35,5% dende xaneiro a setembro do ano 2018, en Galicia ese aumentou foi tan so do 6,7%. Deste xeito, se no ano 2017 o 4,5% das empresas exportadoras españolas resultaban ser galegas, no que levamos do ano 2018, dita porcentaxe redúcese ata o 3,5%. Isto implica que a porcentaxe de variación de empresas exportadoras de Galicia descendeu nun 1,4%.

Estes datos fan cuestionar profundamente os obxectivos do Plan de Internacionalización da Xunta de Galicia para o período 2015-2020. Dito plan tiña por obxectivo o de situar a contribución do sector exterior sobre o PIB de Galicia no 40%, así como tamén, aumentar o número de empresas exportadoras

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46308
Data envio: 13/02/2019 19:21:50.764

ata as 8.000, para deste xeito reducir a distancia con respecto ao conxunto de España e para equipararnos co peso que representa a economía galega no conxunto do Estado. Mais o certo é que o número de empresas galegas exportadoras sitúase na actualidade nos 6.883, 1.117 menos que o obxectivo fixado de 8.000, 8.187 menos de empresas exportadoras que o País Vasco, 16.113 menos que a Comunidade Valenciana ou 75.697 menos que Madrid.

Ante estes datos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas.

- Que valoración fai a Xunta destes datos?
- Como encaixa a Xunta estes datos co obxectivo marcado polo Plan de Internacionalización?
- A que se debe, segundo a Xunta, o fracaso na consecución dos obxectivos de dito plan?
- Cales son os instrumentos que emprega a Xunta para diversificar e aumentar as empresas exportadoras galegas?
- Que pensa facer a Xunta para tratar de reverter esta tendencia?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46308
Data envio: 13/02/2019 19:21:50.764

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:16:59

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:17:08

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46309
Data envío: 13/02/2019 19:28:45.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e **Manuel Lago Peñas,** deputadas e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 3.ª**

As desigualdades de xénero están presentes en todos os espazos da vida, o mercado laboral non é unha excepción, de feito, as formas que adoptan estas neste ámbito son múltiples, sendo un problema permanente e estrutural que afecta ao conxunto das mulleres.

A pesar de existir lexislación específica para evitar estas, os datos amosan que aínda queda moito por avanzar para poder afirmar que existe igualdade neste ámbito.

Se analizamos os datos do INE, comprobamos como, a diferenza salarial entre os homes e mulleres de Galicia ascende ata os 5.480 euros de media.

A evolución da fenda salarial nos últimos anos ademais é moi negativa, pasouse dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

As razóns deste mantemento da desigualdade son múltiples. Por unha banda, os traballos asignados historicamente as mulleres, continúan a ser peor retribuídos fronte a empregos moi similares onde o emprego masculino é maioritario.

Se comparamos, por exemplo, o sector téxtil co metal, observamos como por traballos e con categorías similares unha persoa que traballa na primeira, mulleres a maioría, como oficial especialista ten un salario bruto anual de 13.588

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46309
Data envio: 13/02/2019 19:28:45.953

euros mentres que no metal, onde son homes maioritariamente, cobrarían 20.741 euros.

Por iso, compre facer unha comparación por sectores, analizando, por exemplo, a existencia de complementos salariais e a súa xustificación.

A maioría das medidas tomadas na actualidade van encamiñadas a resolver as diferenzas existentes nunha mesma empresa, isto é importante, xa que continúan existindo, pero debemos ter presente que esta é máis fácil de detectar e solventar, e atender a que o verdadeiro reto son as solucións sectoriais máis amplas. Polo que hai que avanzar propostas lexislativas que eviten que se negocien os convenios de sectores feminizados a baixa.

A situación é especialmente preocupante nos tramos salariais máis baixos, xa que nestes, a fenda salarial é moito máis acusada. As mulleres somos as que temos empregos máis precarios con moita diferenza. Do conxunto das persoas traballando a tempo parcial, un 77% son mulleres.

O Parlamento Galego aprobou o 28 de decembro de 2016, a apertura dunha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020. Pero, a día de hoxe, non se coñecen avances nesta cuestión.

Por outra banda, unha das razóns de que persista a segregación vertical así como a feminización da precariedade e do traballo parcial, é a distribución desigual do traballo de coidados. Mentres este non se reparta de maneira equitativa, as mulleres continuaran sendo discriminadas.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46309
Data envio: 13/02/2019 19:28:45.953

Somos as que coidamos de maneira moi maioritaria, pero esta realidade permanece oculta da maioría de enquisas.

Segundo datos do IGE do ano 2018, fronte as 26.200 mulleres con redución de xornada por coidados, había 1.500 homes. É evidente que as actuais políticas de fomento da conciliación e da corresponsabilidade non están sendo efectivas.

Estas desigualdades conlevan que a fenda de xénero se manteña nas pensións. Existe unha diferenza de 358 euros de media entre o que cobran os homes e as mulleres. Unha diferencia que condena a moitas pensionistas a ter unha retribución de miseria.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

1. Que avances levou adiante a Xunta de Galicia para dar cumprimento ós acordos parlamentarios tomados o 28 de decembro de 2016 para lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020? Que medidas tomaron para rematar coa actual fenda salarial?

2. Que opinión teñen acerca da equiparación dos permisos de maternidade e paternidade para que estes sexan iguais, intransferibles e remunerados ao 100%?

3. A Xunta de Galicia ten realizado algunha avaliación acerca do cumprimento das empresas da actual lexislación en material de igualdade?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46309
Data envio: 13/02/2019 19:28:45.953

4. Ten tomado algunha medida para mellorar a transparencia salarial das empresas?

5. Que vai facer para que eliminar a fenda existente nas pensións?

6. Que medidas de apoio a conciliación teñen realizado?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 19:09:49

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:09:57

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:10:05

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:36:11
Nº Rexistro: 46315
Data envio: 14/02/2019 10:36:11.375

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para permitir o pastoreo nos terreos queimados e, de forma excepcional, no Concello de Chandrexa de Queixa.

Con data 5 de xaneiro do presente ano decretouse un incendio forestal no Concello de Chandrexa de Queixa, parroquia de Requeixo, afectando a unha superficie total de 175 ha segundo as informacións da Consellería de Medio Rural.

A Lei de Montes de Galicia (7/2012) no seu Capítulo II, no Artigo 86 (Pastoreo), no punto 11. di: Con carácter xeral, prohíbese o pastoreo en terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais, de conformidade co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; e no punto 12. di: No Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo inscribiranse de oficio como zonas prohibidas as superficies queimadas naquelas parroquias definidas como de alta actividade incendiaria incluídas nas zonas declaradas como de alto risco de Galicia, durante o período que resulte por aplicación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Regulamentariamente poderanse establecer outras causas extraordinarias que, coa debida xustificación, permitirán realizar a inscrición de oficio de calquera outro terreo forestal queimado.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:36:11
Nº Rexistro: 46315
Data envio: 14/02/2019 10:36:11.375

A lei de 3/2007 de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia, no Capítulo II, no artigo 43. expón no punto 2. que regulamentariamente poderán preverse excepcións á prohibición establecida no punto anterior (1), baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma demarcación forestal, agás que se trate de superficies arboradas queimadas, ou superficies de parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco onde, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

Hoxe en día, neste concello, están dándose casos nos que os pastores non teñen onde levar o gando a pastorear o falar de gando que está en extensivo, a Km de as súas cuadras, e moitas veces cos único puntos onde beber, nos regatos, metidos entre zonas queimadas. Ao darse estes casos, os pastores vense nunha situación desesperante o ser multados reiteradamente por intentar alimentar e abeberar o seu gando.

É verdade que hoxe existe unha solicitude de excepcionalidade, pero esta é moi difícil de solicitar debido á complexidade da mesma, ademais de que moitos destes terreos nin son particulares nin son MMVVMMCC, xa que son montes de titularidade pública.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1.- Cales son as medidas que a Xunta de Galicia vai a aplicar, se o ten pensado facer, para facilitar que os pastores e pastoras afectadas polos incendios forestais podan facelo sen ser multados?

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:36:11
Nº Rexistro: 46315
Data envio: 14/02/2019 10:36:11.375

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2.- Ten pensado a Xunta de Galicia simplificar os requisitos requiridos na solicitude de excepcionalidade para así facilitar os requisitos os gandeiros e gandeiras e rebaixar a carga de multas que hoxe en día non dan soportado?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 14/02/2019 10:34:42

Antón Sánchez García na data 14/02/2019 10:34:54

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:03
Nº Rexistro: 46322
Data envio: 14/02/2019 10:55:03.293

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A planificación que desde o ano 91 fai gala o PP a través dos sucesivos gobernos e dos titulares de consellerías vencelladas ó rural leváronnos a unha drástica e perigosa diminución de explotacións familiares ben dimensionadas e con base territorial dabondo para asegurar unha rendibilidade a proba de vaivéns, unha fixación de poboación necesaria e un impacto medioambiental discreto e asumible. Isto no sector leiteiro é preocupante nalgunhas zonas, pero nos sectores avícola e porcino intensivos é dramático.

A situación medioambiental en determinadas zonas, provocada por ese modelo altamente intensivo de granxas e animais, vólvese nalgúns casos insostible dando proba diso as analíticas de augas e de solos con saturación de nitratos, de fosfatos, de metais pesados e mesmo de antibióticos.

Nalgunhas destas zonas a presión é tal que a comarca non é quen de asimilar tanto residuo gandeiro xerando un problema de saúde pública e de política medioambiental.

A xestión de residuos das granxas intensivas pode estar ligada á terra segundo unha normativa europea, pero esta ligazón debera ter un control e un seguimento e do

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:03
Nº Rexistro: 46322
Data envio: 14/02/2019 10:55:03.293

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo xeito debera haber tamén control e seguimento do estado das terras e das augas nestas comarcas con saturación de explotacións deste tipo.

O caso é que A Limia e O Deza sen seren as únicas, presentan un grave problema de xestión de xurros ó que é preciso dar unha solución adecuada e satisfactoria cos sectores afectados evitando así que esta situación dane gravemente outros sectores agrogandeiros que coexisten con estes. Ignora-lo problema non fai máis ca agravalo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-É consciente o goberno galego da saturación e da inadecuada xestión dos residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas que se observa desde hai tempo nalgunhas comarcas de Galicia?

-Ten pensado tomar algunha medida a este respecto?

-Dispón o goberno galego ou existen algún tipo de recursos nesas comarcas para xestionar convenientemente os residuos gandeiros antes aludidos?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:03
Nº Rexistro: 46322
Data envio: 14/02/2019 10:55:03.293

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 10:53:08

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 10:53:13

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 10:53:14

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 10:53:16

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 10:53:18

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 10:53:19

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:15
Nº Rexistro: 46323
Data envio: 14/02/2019 10:55:15.453

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

Os datos de afiliación de finais de decembro de 2018, amosan una redución da afiliación ao réxime especial do mar que é cando menos preocupante. Si cando vostedes chegaron ao goberno tiñamos preto de 25.000 afiliados ao réxime especial do mar hoxe apenas chegamos aos 21.000 cunha redución do 16%.

Estes datos converten ao sector do mar galego en un dos sectores con peor comportamento en canto a afiliación, incapaz ademais de seguir o rumbo do resto de sector que recuperan afiliación, o que demostra que esta situación non ten a ver cos ciclos económicos senón coas políticas aplicadas polas distintas administración sobre o sector, que pretenden unha reconversión co obxectivo de incentivar outro tipo de ocupación do mar en Galicia e no conxunto de Europa.

Tal como se reflexa nesta táboa, Galicia perde dende fai unha década un emprego diario no noso mar. Sendo incluso pero a situación dos empregados por conta propia.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en marea
enmarea.gal

Mar	Total	R. Esp. Mar Conta Allea	R. Esp. Mar Conta Propia
2008/Decembro	**24795**	13608	11187
2009/Decembro	**24176**	13174	11002
2010/Decembro	**23572**	12927	10645
2011/Decembro	**23174**	12808	10366
2012/Decembro	**22397**	12305	10092
2013/Decembro	**21613**	11656	9957
2014/Decembro	**21183**	11655	9528
2015/Decembro	**20270**	10940	9330
2016/Decembro	**20580**	10888	9692
2017/Decembro	**20741**	11055	9686
2018/Decembro	**20846**	11207	9639

Por todo o exposto, as deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que explicación pode ofrecer a Consellería do Mar á dramática situación do noso mar en termos de emprego?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:15
Nº Rexistro: 46323
Data envio: 14/02/2019 10:55:15.453

en marea

enmarea.gal

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 10:53:09

Flora María Miranda Pena na data 14/02/2019 10:53:15

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 11:30:18
Nº Rexistro: 46331
Data envio: 14/02/2019 11:30:18.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as condicións salariais das persoas contratadas nas Universidades públicas galegas con cargo a actividades de I+D+i vinculadas a axudas públicas, principalmente FPI, FPU e Ramón y Cajal.

A Asociación de Investigadoras de Compostela (AIC) denunciou publicamente e tamén en xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a vulneración que se está producir dos dereitos salariais do persoal contratado a cargo da actividades de I+D+i.

Refírense a persoas contratadas no marco de convocatorias públicas como as FPU, FPI e Ramón y Cajal que están a percibir unha remuneración por baixo do mínimo fixado na *Normativa da USC para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)*, aprobada polo Consello de Goberno da USC en marzo de 2014 que, no entanto, estabelece como excepción á devandita táboa salarial aqueles contratos formalizados ao abeiro de convocatorias de axudas/subvencións nas que se estabelezan cláusulas e retribucións específicas que se rexerán, din, polas súas propias convocatorias.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 11:30:18
Nº Rexistro: 46331
Data envio: 14/02/2019 11:30:18.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, na convocatoria da Xunta de Galiza sinálase (artigo 4.5) que "se a entidade beneficiaria [das axudas] formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada para cada modalidade, deberá achegar a diferenza".

Cómpre lembrar que os custes do persoal docente e investigador (PDI) e de administración e servizos (PAS) das universidades do SUG vén determinado pola Lei de Orzamentos de Galiza. Ese importe de masa salarial máxima recolle, para 2019, o incremento retributivo previsto no II Acordo Goberno sindicatos do 9 de marzo de 2018. Porén, fica excluído dese aumento o custe do persoal investigador e contratos de investigación contratado a cargo de proxectos, precisamente o colectivo denunciante. Así pois, denuncian desde a AIC, non estar a percibir as subas salariais que si se recoñeceron para outras categorías profesionais.

Desde a Universidade de Santiago de Compostela (USC) –como ten feito en numerosas ocasións o Grupo parlamentar do BNG-- denuncian que o Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) 2016-2020, actualmente en vigor, non dota dos recursos suficientes a institución na súa parte estrutural o que impide combater a precariedade laboral que atinxe boa parte do persoal docente e investigador, razón pola que reclaman un financiamento estrutural suficiente.

Para o Bloque Nacionalista Galega o mantemento dun Plan de financiamento insuficiente que non foi actualizado conforme ao incremento da capacidade de gasto da Xunta de Galiza, está a supor unha pexa para mellorar as condicións de traballo das universidades galegas así como para renovar os cadros de persoal, cunha idade media moi superior á desexábel.

CSV: TiQ0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 11:30:18
Nº Rexistro: 46331
Data envio: 14/02/2019 11:30:18.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para as nacionalistas, a aposta na investigación e a produción de coñecemento como elemento central do desenvolvemento social e económico galego debe ser unha prioridade para a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación que atinxe, en materia salarial, as persoas contratadas con cargo a proxectos de I+D+i?

- Coincide, o Goberno galego, en que é preciso mellorar o financiamento do SUG para garantir mellores condicións de traballo ao persoal universitario, especialmente o investigador?

- Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir que a excelencia tantas veces reclamada ao SUG se asente en condicións laborais dignas?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 11:30:18
Nº Rexistro: 46331
Data envio: 14/02/2019 11:30:18.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 11:28:51

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 11:28:55

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 11:28:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 11:28:58

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 11:29:00

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 11:29:02

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 12:20:49
Nº Rexistro: 46337
Data envio: 14/02/2019 12:20:49.646

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

Respecto á viaxe realizada polo Presidente da Xunta de Galicia a Nova York, o Conselleiro de Industria declarou no pleno do día trece de febreiro que se asinou durante esta estancia un acordo co *Institute of Fine Arts* polo que se realizaría un simposio dedicado a promover o Camiño no ano 2020 en visión ao ano Xacobeo 2021 pero, en cambio, non aclarou cales son os puntos concretos nos que consiste o convenio ou os custos económicos que este suporá para a Xunta.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- En que consiste exactamente este convenio?
- Sabe a día de hoxe a Xunta de Galicia o desembolso que suporá de cartos públicos este simposio?
- Houbo máis asinantes a este convenio que a Xunta e a Universidade de Nova York?
- Que expertos formarán parte?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 12:20:49
Nº Rexistro: 46337
Data envio: 14/02/2019 12:20:49.646

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/02/2019 12:19:13

Carmen Santos Queiruga na data 14/02/2019 12:19:22

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 12:54:20
Nº Rexistro: 46338
Data envio: 14/02/2019 12:54:20.714

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A empresa Vodafone conta con dous centros de traballo en Galicia, un sito na Coruña e outro en Vigo.

Desde o ano 2012 a empresa aplicou varios expedientes de regulación de emprego:

- Ano 2012: ERE de 15 días, co fin segundo a empresa, de evitar un ERE.

- Ano 2013: ERE que finaliza co despido de 960 traballadores a nivel estatal e con 27 postos de traballo na Coruña e 28 en Vigo.

- Ano 2015: ERE que implicou o despido de 1.056 traballadores a nivel estatal, afectando a 9 traballadores da Coruña e 28 de Vigo.

- Ano 2019: O pasado 24 de xaneiro a empresa anunciou un novo ERE, que afecta, en principio, a 1.198 traballadores a nivel estatal, sendo 8 deles do centro de traballo da Coruña e 32 do centro de Vigo.

En 2012 o centro de traballo de Vodafone en Vigo contaba con 224 traballadores, quedando a día de hoxe 126, e de darse o ERE coas condicións anunciadas, quedarían só 94 traballadores. En 2012 no centro da Coruña había 85 operarios, a día de hoxe 55, e co ERE de 2019 quedarían en 47. Perdéndose por tanto, desde o 2012 máis dun 54 % dos postos de traballo de Vodafone en Galicia, afectando este novo ERE a un 23 % do cadro de persoal que a empresa ten en Galicia.
Segundo os sindicatos o número de despedimentos é desproporcionado e inxustificado co único interese de aumentar beneficios de forma inmoral e pouco ética.

A Xunta de Galicia prorrogou en xullo de 2018 o contrato do servizo de telecomunicacións ata febreiro de 2021, sendo a adxudicataria do servizo de telefonía móbil a operadora Vodafone.

A empresa Vodafone, xunto con Orange e Telefónica, asinaron o pasado 6 de novembro de 2018, un convenio de colaboración con Amtega e a operadora

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

pública Retegal, no que se plasmaba o compromiso das tres operadoras de telecomunicacións de desenvolver un mínimo de 6 prototipos baseados na tecnoloxía 5G entre 2019 e 2020. A posta en marcha deste proxecto é a primeira das medidas do Plan Galicia 5G para situar Galicia como territorio preferente na pilotaxe de solucións innovadoras nesta materia, segundo a propia Xunta de Galicia.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten valorado o Goberno galego o impacto que este novo ERE de Vodafone pode ter nos contratos que a Xunta de Galicia ten asinados coa empresa Plan Galicia 5G e contrato de telefonía móbil, así como as posibles medidas a adoptar como cliente da dita compañía?

2ª) Ten realizado o Goberno galego algunha actuación ante o anuncio dun novo de ERE de Vodafone, que pode afectar a 41 traballadores dos centros de Vigo e A Coruña?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/02/2019 12:52:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/02/2019 12:53:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2019 12:53:15

CSV: TiO0solr51
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 13:42:25
Nº Rexistro: 46340
Data envio: 14/02/2019 13:42:25.895

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª.**

Continuamente a Xunta de Galicia ante calquera pregunta ou iniciativa dos grupos da oposición, que teñan a ver con demandas de mellora e impulso do comercio, resposta cos compromisos recollidos no Plan estratéxico 2015-2020 de impulso ao comercio galego, que segundo o goberno pretende incrementar a competitividade, impulsar a dixitalización e potenciar a súa excelencia.

